

---

*Memoria  
de responsabilidade  
social 2011*

---

## Índice

1. **Carta do reitor**
2. **Datos básicos da Universidade de Vigo**
  - 2.1. Perfil da Universidade de Vigo
  - 2.2. Misión, visión e valores
  - 2.3. Sistema de goberno
  - 2.4. Premios, distincións e acreditacións de calidade
3. **A Universidade de Vigo ante a responsabilidade social**
  - 3.1. Obxectivos e principios da memoria
  - 3.2. Alcance e cobertura da memoria
  - 3.3. Os nosos grupos de interese
  - 3.4. Achega da Universidade de Vigo á responsabilidade social como disciplina
4. **Transparencia e sostibilidade na xestión económica**
  - 4.1. Planificación orzamentaria
  - 4.2. Execución orzamentaria
  - 4.3. Plan de financiamento 2011-2015 da Universidade de Vigo dentro do Sistema Universitario Galego
  - 4.4. Relación económica cos grupos de interese
5. **A xestión medioambiental.**
  - 5.1. Política ambiental
  - 5.2. Actividades e iniciativas
  - 5.3. A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo
  - 5.4. A xestión dos residuos e consumos de enerxía
  - 5.5. Boas prácticas de cara á redución do impacto ambiental
6. **O compromiso co alumnado e a calidade da docencia.**
  - 6.1. Oferta formativa
  - 6.2. Unha educación de calidade
  - 6.3. Apoio á formación a través dos servizos e recursos complementarios
7. **O persoal da Universidade de Vigo**
  - 7.1. Cadro de persoal
  - 7.2. Formación, saúde e seguridade no traballo
  - 7.3. Igualdade de oportunidades e participación nos órganos de goberno
8. **A investigación e a transferencia do coñecemento á sociedade**
  - 8.1 Directrices xerais e resultados
  - 8.2 Sistema loxístico de centros de investigación propios ou vinculados
  - 8.3 Campus do Mar: a colaboración como estratexia de futuro
9. **A Universidade de Vigo e a creación de valor para a sociedade**
  - 9.1. Promoción da cultura
  - 9.2. A Universidade e a difusión cultural
  - 9.3. Promoción do deporte
  - 9.4. Actividades de extensión universitaria e acción social
10. **Anexos**
  - Índice de correspondencia de contido coa *Global Reporting Initiative* (GRI)
  - Indicadores de desempeño da *Global Reporting Initiative* (GRI)

---

## 1. Carta do reitor

*Un ano máis, e por segunda vez na historia da nosa institución, realízase a Memoria de responsabilidade social universitaria. Dáse cumprimento con isto a un dos compromisos do Plan estratéxico 2008-2012, encetando unha periodicidade anual con vocación de permanencia na rendición de contas.*

*A memoria que ofrecemos a seguir recolle a información relevante para a nosa responsabilidade social correspondente ao ano 2011, a efectos económicos, e ao curso 2010-2011, a efectos académicos.*

*Despois da primeira experiencia, presentada hai agora un ano, incorporamos nesta segunda unha estrutura máis estandarizada, referenciando no propio texto as indicacións e principios das guías do Global Reporting Initiative (GRI).*

*Agardamos que esta nova memoria nos permita expoñer, ante os nosos grupos de interese, todo o realizado, e tamén detectar aqueles puntos de mellora na nosa procura permanente da excelencia.*

## 2. Datos básicos da Universidade de Vigo

### 2.1 Perfil da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo (GRI 2.1) foi creada en 1990 por segregación da Universidade de Santiago de Compostela, tal como se recolle na exposición de motivos da Lei 11/1989 de 20 de xullo, con dous obxectivos: superar as carencias universitarias existentes en Galicia e reordenar o sistema universitario da Comunidade Autónoma de Galicia, atendendo aos criterios de desenvolvemento e renovación da estrutura educativa.

A Universidade de Vigo é unha institución de dereito público (GRI 2.6) á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior (GRI 2.2). Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica de universidades. A Reitoría ten a súa sede no Campus de Vigo (As Lagoas-Marcosende). (GRI 2.4)

A Universidade de Vigo, vinculada á realidade histórica, social e económica de Galicia (GRI 2.7), dedicarlle especial atención ao estudo e ao desenvolvemento da súa cultura e do seu medio e proxectarase dun xeito activo sobre os problemas galegos mediante programas específicos de docencia, investigación, desenvolvemento e difusión establecidos a partir de necesidades concretas. Con estes obxectivos procurará a cooperación coas outras universidades galegas. A Universidade de Vigo asume tamén o compromiso de detectar, diagnosticar e contribuír á solución dos problemas existentes nas sociedades contemporáneas e de promover políticas activas de igualdade e de promoción social.

#### Táboa 1. Orzamento 2011 (GRI 2.8)

|  |             |
|--|-------------|
| Orzamento total de ingresos  | 167.903.853 |
| Ingresos por prezos públicos de estudos oficiais (art. 31 prezos públicos) | 14.790.000  |
| Gastos de persoal  | 7           |
| <i>Recursos Humanos 2011</i>   |             |
| Nº de PDI + persoal investigador   | 1.943       |
| Nº de PAS  | 743         |

En total había 2.686 persoas traballando na institución no ano 2011.

A Universidade de Vigo conta con tres campus perfectamente dotados en Vigo, Ourense e Pontevedra (GRI 2.5) para atender as necesidades dos 24.816 membros que integran a comunidade académica formada por estudantes, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Un total de 229 titulacións, repartidas en 21 centros propios e 7 adscritos, compoñen a día de hoxe a oferta educativa da Universidade de Vigo, na que están presentes os ámbitos tecnolóxico, xurídico-social, humanístico e científico. (GRI 2.3)

Durante o período cuberto por esta memoria non se produciron cambios significativos no tamaño e estrutura da Universidade de Vigo. (GRI 2.9)

Táboa 2. Centros educativos da Universidade de Vigo

|   |     |
|---|-----|
| <i>Nº de campus</i>                         | 3   |
| <i>Nº de centros universitarios propios</i> | 21  |
| <i>Nº de centros adscritos</i>              | 7   |
| <i>Nº de centros tecnolóxicos</i>           | 3   |
| <i>Nº de departamentos</i>                  | 46  |
| <i>Nº de áreas de coñecemento</i>           | 140 |
| <i>Nº de titulacións ofertadas</i>          | 229 |

### Estudios ofertados en 2011-2012 ( GRI 2.2)

Tras o proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, a Universidade de Vigo dispón, desde o curso 2010-2011, dun mapa de titulacións totalmente transformado consonte as directrices de Boloña e no que o grao, o mestrado e o doutoramento, son protagonistas dun novo escenario do sistema universitario.

Táboa 3. Titulacións oficiais da Universidade de Vigo

|  |    |
|--|----|
| <b><i>Titulacións oficiais</i></b>           |    |
| <i>Nº de titulacións de grao</i>             | 50 |
| <i>Nº de titulacións de 1º ciclo</i>         | 58 |
| <i>Nº de titulacións de 1º e 2º ciclo</i>    | 58 |
| <i>Nº de titulacións só de 2º ciclo</i>      | 5  |
| <i>Nº de titulacións de mestrado oficial</i> | 77 |
| <i>Nº de programas de doutoramento</i>       | 39 |

Táboa 4. Estudos propios

| <b>Estudos propios</b>                  |    |
|---|----|
| Nº de titulacións propias               | 5  |
| Nº de mestrados propios                 | 1  |
| Nº de cursos formación especializada    | 25 |
| Nº mestrado/especialista                | 1  |
| Nº de cursos de formación continua      | 36 |
| Nº de cursos complementarios            | 23 |
| Nº de cursos de extensión universitaria | 25 |
| Nº de cursos do centro de linguas       | 55 |

Táboa 5. Estudantes matriculados/as e graduados/as en 2011-2012

| <b>Titulacións oficiais</b>     | <b>Matriculados/as</b> | <b>Graduados/as</b> |
|---------------------------------|------------------------|---------------------|
| Titulacións de grao             | 9.655                  | 240                 |
| Titulacións de 1º ciclo         | 3.448                  | 1.750               |
| Titulacións de 1º e 2º ciclo    | 4.863                  | 1.155               |
| Titulacións só de 2º ciclo      | 490                    | 169                 |
| Titulacións de mestrado oficial | 2.051                  | 1.437               |
| Programas de doutoramento       | 1.623                  | 159                 |

Táboa 6. Estudos propios

| <b>Estudos propios</b>                     | <b>Matriculados/as</b> |
|--|------------------------|
| Titulacións propias                        | 494                    |
| Mestrados propios                          | 21                     |
| Formación especializada (prazas ofertadas) | 1.224                  |
| Mestrado/especialista (prazas ofertadas)   | 33                     |
| Formación continua                         | 133                    |
| Cursos complementarios (prazas ofertadas)  | 807                    |
| Cursos de extensión universitaria          | 447                    |
| Cursos do centro de linguas                | 2.066                  |

Táboa 7. Investigación e transferencia 2011

|  |       |
|--|-------|
| Nº de persoal investigador en formación                                | 230   |
| Nº de persoal contratado con cargo a proxectos de investigación        | 487   |
| Nº de nomeamentos de bolseiros/as                                      | 149   |
| Nº de actividades subscritas polo art. 83 da LOU                       | 1.696 |
| Nº de proxectos de investigación                                       | 567   |
| Nº de proxectos subvencionados polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía | 233   |
| Nº de proxectos subvencionados pola Xunta de Galicia                   | 208   |
| Nº de proxectos subvencionados pola Unión Europea                      | 28    |
| Nº de patentes   | 202   |

Táboa 8. Infraestruturas e servizos 2011

|  |         |
|--|---------|
| Nº de edificios                            | 28      |
| Superficie ( )                             | 342.249 |
| Nº de residencias universitarias           | 4       |
| Nº de prazas en aloxamentos universitarios | 191     |
| Instalacións deportivas ( )                | 36.865  |

Táboa 9. Biblioteca (curso 2011-2012)

|  |         |
|--|---------|
| Nº de bibliotecas                              | 11      |
| Nº de postos de lectura                        | 3.284   |
| Fondos de monografías en papel                 | 550.667 |
| Fondos de monografías electrónicas             | 116.667 |
| Fondos de publicacións periódicas en papel     | 8.865   |
| Fondos de publicacións periódicas electrónicas | 24.851  |
| Préstamos                                      | 130.498 |


## 2.2 Misión, visión e valores (GRI 4.8)

A Universidade de Vigo entende a súa responsabilidade social desde a base da súa propia existencia, reflectindo un compromiso coa sociedade e co medio na propia descrición da súa misión e da súa visión. Como condición indispensable para desenvolver a súa actividade e misión fundamentais, atende, non só ao seu desempeño no momento presente, senón a unha clara vocación de futuro que busca garantir o seu papel como institución comprometida e xeradora de valor social.

Definindo a misión desde o presente, a nosa institución é unha institución pública, autónoma, aberta ao contorno e con vocación internacional, comprometida coa igualdade e co progreso económico e o benestar social de Galicia, mediante un ensino e unha investigación de calidade coas que contribuír á creación e á transferencia de coñecemento, á formación integral das persoas, ao desenvolvemento científico e tecnolóxico, á innovación e ao crecemento intelectual da sociedade multicultural e plurilingüe na que se insire.

Definindo a visión ou misión desde o mañá, a Universidade de Vigo é unha institución pública, galega e de calidade, que quere consolidarse como unha institución igualitaria, plural e participativa, comprometida coa cooperación institucional, a solidariedade e a preservación do medio natural, e ser recoñecida e valorada pola formación integral do seu alumnado, tanto no campo profesional como persoal, pola calidade dos servizos ofrecidos, pola eficiencia, eficacia e transparencia da súa xestión e polo seu prestixio académico. Aspira a ser un referente innovador dentro do sistema universitario na docencia, na investigación básica e aplicada, na xestión e na transferencia da ciencia e o coñecemento, na internacionalización das súas actividades, en especial en Latinoamérica e nos países lusófonos (GRI 2.7), e na integración harmónica co medio, e a ser, ademais, un instrumento socialmente vertebrador e catalizador do debate intelectual e das novas ideas.

Figura 1. Valores do ámbito de xestión da Universidade de Vigo



Fonte: Plan operativo de xestión

### 2.3 Sistema de goberno

#### **ORGANIZACIÓN INSTITUCIONAL: órganos colexiados e unipersoais**

Os Estatutos da Universidade de Vigo estipulan que “se inspirará nos principios de igualdade, solidariedade, democracia e liberdade” e apuntan que “é deber de todos os integrantes da comunidade universitaria, e en particular dos seus órganos de goberno, dar plena efectividade a estes principios e impedir calquera tipo de discriminación e o incumprimento do expresado nestes estatutos”.

En base aos valores sinalados e para garantir o seu cumprimento, o réxime de goberno da Universidade de Vigo fundaméntase no principio de representación de todos os sectores da comunidade universitaria a través dos seus órganos colexiados e unipersoais.



**Órganos colexiados (GRI 4.4):**

Son os que exercen o goberno, a representación, o control, a decisión ou a coordinación da Universidade, nos seus respectivos ámbitos de competencia, para o adecuado desenvolvemento da vida da institución. Nestes órganos participan os colectivos que integran a comunidade universitaria, así como outros representantes de sociedade (a través do Consello Social).

**Consello de Goberno:** O Consello de Goberno é o órgano de goberno da Universidade. Establece as liñas estratéxicas e programáticas da Universidade, así como as directrices e procedementos para a súa aplicación nos ámbitos de organización das ensinanzas, investigación, recursos humanos e económicos e elaboración dos orzamentos.

**Claustro Universitario:** É o máximo órgano de representación e control da comunidade universitaria. As súas funcións principais son a modificación dos estatutos, a formulación de propostas e recomendacións xerais, servir de canle de expresión da comunidade universitaria e demandar informes ou solicitar comparecencia dos representantes dos outros órganos académicos e institucionais da Universidade.

**Consello Social:** É o órgano de participación da sociedade na Universidade de Vigo. Correspóndelle fomentar iniciativas sociais e actuacións dos poderes públicos para estimular investimentos que favorezan as actividades da Universidade e que adecúen a súa capacidade docente e investigadora á demanda social.

Outros órganos colexiados da Universidade de Vigo son: os consellos de campus, consellos de departamento, Tribunal de Garantías, xuntas de centro e xuntas de titulacións.

**Órganos unipersoais:** A Universidade de Vigo establece que os titulares dos órganos unipersoais, agás os que o sexan por designación ou por procedemento expresamente regulado doutro modo, deben ser elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Estes postos de carácter persoal concréntanse nos seguintes títulos: reitor/a, vicerreitores/as, secretario/a xeral, xerente, decanos/as e vicedecanos/as de facultades, directores/as e subdirectores/as de escolas e de departamentos, e secretarios de facultades, de escolas e de departamentos.

**Táboa 10. Equipo de goberno (GRI 4.1):**

---

*Reitor*

---

*Vicerreitor de Economía e Planificación*

---

*Vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións*

---

*Vicerreitora de Investigación*

---

*Vicerreitor de Transferencia do Coñecemento*

---

*Vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade*

---

*Vicerreitor de Relacións Internacionais*

---

*Vicerreitor de Extensión Universitaria*

---

*Vicerreitora do Campus de Ourense*

---

*Vicerreitora do Campus de Pontevedra*

---

*Secretaría Xeral*

---

**Estrutura e Funcionamento: servizos básicos e servizos complementarios**

A Universidade de Vigo está estruturada en tres campus: Ourense, Pontevedra e Vigo. Para realizar as súas funcións nos diversos campus, a Universidade organízase dun modo funcionalmente desconcentrado. Á marxe deste triplo emprazamento nos seus diferentes campus, a Universidade de Vigo no seu conxunto está integrada por departamentos, centros (facultades e escolas), así como por aqueles centros ou estruturas necesarios para o desempeño das súas funcións. Ademais, a Universidade de Vigo conta cunha serie de servizos básicos de apoio e de asistencia á comunidade universitaria no seu conxunto.

**Táboa 11. Servizos básicos**

---

*Xerencia*

---

*Servizo de Alumnado*

---

*Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento*

---

*Servizo de Asesoría Xurídica*

---

*Servizo de Extensión Universitaria*

---

*Servizos Económicos*

---

*Servizos de Persoal*

---

*Servizo de Prevención de Riscos Laborais*

---

*Biblioteca*

---

*Área de Calidade*

---

*Área de Normalización Lingüística*

---

*Área de Tecnoloxías de Información e Comunicacions*

---

*Oficina de Relacións Internacionais*

---

*Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación*

---

*Unidade de Apoio á Xestión de Centros de Investigación*

---

*Unidade de Estudos e Programas*

---

*Loxística e Comunicacions: Conserxería e Parque Móbil*

---

*Unidade de Igualdade*

---

**Táboa 12. Servizos Complementarios**

---

*Gabinete de Prensa*

---

*Área de Imaxe*

---

*Servizo de Deportes*

---

*Oficina de Medio Ambiente (OMA)*

---

*Centro de Linguas*

---

*Área de Innovación Educativa*

---

---

## 2.4 Premios, distincións e acreditacións de calidade (GRI 2.10)

### **Premios e distincións**

A Universidade de Vigo foi distinguida durante o ano 2011, polas seguintes institucións:

—*Shangai Ranking 2011 (The Academic Ranking of World Universities): incluída no grupo das 500 universidades máis importantes do mundo.*

—*Ranking iberoamericano de universidades de SCIMAGO 2011: forma parte do grupo das 50 máis importantes.*

—*A escala estatal a Universidade de Vigo ocupa, no ranking de institucións de SCIMAGO os postos seguintes:*

*Producción científica (output): posto nº 17*

*Producción científica / profesores: posto nº 11*

—*No Informe CyD - Fundación Conocimiento y Desarrollo, por impacto normalizado de produción científica, os postos seguintes:*

*Ciencias dos materiais: posto nº 1*

*Ciencias da computación: posto nº 2*

*Agricultura e Bioloxía: posto nº 4*

—*Recoñecemento do Campus do Mar como campus de excelencia internacional polo Ministerio de Educación ([www.campusdomar.es](http://www.campusdomar.es)).*

## Sistemas de calidade na Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo aposta por avanzar significativamente cara a un mellor aliñamento cos obxectivos en calidade docente e aumentar a presenza da certificación e acreditación con modelos internacionais de calidade ou excelencia.

Figura 13. A Xestión da calidade na Universidade de Vigo

|                                   |  |
|-----------------------------------|--|
| <i>Programas docentes</i>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>— Programa AUDIT-FIDES</li> <li>— Programa VERIFICA</li> <li>— Programa DOCENTIA</li> </ul>   |
| <i>EFQM</i>                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>— Programa de avaliación institucional de titulacións</li> <li>— Programa de avaliación institucional de servizos (detido desde 2005)</li> </ul>  |
| <i>Programas docentes propios</i> | <ul style="list-style-type: none"> <li>— Programa de valoración da actividade docente dos centros</li> <li>— Programa de valoración da actividade docente do profesorado</li> <li>— Programa de valoración do profesorado polo alumnado</li> </ul> |
| <i>Cartas de servizo</i>          | <ul style="list-style-type: none"> <li>— Servizo de deportes</li> <li>— Biblioteca</li> </ul>  |
| <i>ISO 9001</i>                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>— Biblioteca</li> <li>— Laboratorio de Microbioloxía de Ourense</li> <li>— CACTI (en implantación)</li> </ul>   |

Fonte: Plan Avante

### 3. A Universidade de Vigo ante a responsabilidade social

#### 3.1 Obxectivos e principios da memoria

A Universidade de Vigo, no seu Plan operativo e de xestión 2008-2012, presenta como primeiro obxectivo estratéxico conseguir unha xestión baseada nun modelo de excelencia. Un dos obxectivos operativos para este fin é a realización dunha memoria de responsabilidade social. O documento que hoxe achegamos dá cumprimento ao compromiso de realizar este informe, poñendo en relación as actividades que se desenvolven cos diferentes grupos de interese.

Os obxectivos básicos que persegue a Universidade de Vigo coa elaboración desta serie de memorias son os seguintes:

- Incorporar a sustentabilidade como valor clave de xestión, buscando o equilibrio entre o curto e o longo prazo e favorecendo a evolución e a fortaleza institucional.
- Integrar o concepto de responsabilidade social no seu acervo cultural e facer da rendición de contas e do diálogo cos grupos de interese un hábito.
- Dispor dunha ferramenta de xestión adicional que nos permita fixar obxectivos e avalialos a través do triplo balance: económico, social e ambiental.

Para a elaboración desta memoria seguíronse as recomendacións xeralmente establecidas para o *reporting* en sustentabilidade en universidades e, en particular, incorporáronse os principios establecidos pola *Global Reporting Initiative* (GRI):

Principios para a definición do contido:

- Materialidade
- Participación dos grupos de interese
- Contexto da sustentabilidade
- Exhaustividade

Principios para definir a calidade da memoria:

- Equilibrio
- Comparabilidade
- Precisión
- Periodicidade
- Claridade
- Fiabilidade

### 3.2 Alcance e cobertura da memoria de responsabilidade social

O período cuberto por esta memoria correspóndese, en termos xerais, ao curso académico 2010-2011. Non obstante, a existencia dalgúns informes de xestión que periodifican os datos por anos naturais obríganos, neses casos, a incorporar información relativa ao ano natural 2011 (GRI 3.1).

Esta memoria é a segunda dunha serie con periodicidade anual (GRI 3.3). A primeira elaborada toma por base o ano 2010 con datos do curso académico 2009-2010 (GRI 2.2). Este informe inclúe o resultado dos impactos ambientais, económicos e sociais máis relevantes que xera a actividade da Universidade de Vigo sen limitacións de alcance. Na súa elaboración seguíronse as indicacións e principios establecidos nas guías do *Global Reporting Initiative* (GRI) -cumpre os requisitos esixidos para o nivel C-; e cobre á Universidade de Vigo cos seus campus, e só parcialmente se dá conta daquelas entidades xuridicamente independentes en que participa a Universidade (GRI 3.6) (GRI 3.7) (GRI 3.8).

A elaboración desta memoria foi posible grazas á contribución dun equipo de persoas coordinadas pola Vicerreitoría de Economía e Planificación, (GRI 3.4), con datos de contacto: Edificio Reitoría, Campus de Vigo, teléfono +34986813440, [vicplan@uvigo.es](mailto:vicplan@uvigo.es). En xeral, os datos proceden das memorias de actividades e informes elaborados polas distintas áreas da Universidade (GRI 3.9). Non se deron cambios significativos desta memoria respecto á primeira no referente á cobertura e aos métodos de valoración aplicados (GRI 3.11).

Atendendo ao principio de mellora continua e enfoque participativo que nos inspira, esperamos que os distintos grupos de interese fagan as súas contribucións cara a perfeccionar as políticas de responsabilidade social da Universidade de Vigo e a calidade desta serie de memorias.

### 3.3 Os nosos grupos de interese

(GRI 4.15) Na Universidade de Vigo, pola natureza do noso cometido, somos conscientes do alto grao de impacto que a nosa actividade xera sobre a sociedade e o medio natural. Este impacto canalízase a través do persoal docente e investigador, o alumnado e o persoal administrativo e de servizos. Estes tres colectivos forman parte dun grupo de interese interno que representa unha das canles polas que a Universidade consegue xerar valor na sociedade.

Para poder levar a cabo a nosa actividade e incorporar novas necesidades e tendencias, creamos sinerxías con institucións, redes e organizacións do ámbito académico e, especialmente, do universitario. Consideramos tamén grupos de interese a todos aqueles provedores de servizos e outros colectivos que dan soporte á nosa actividade e que fan posible que a Universidade funcione adecuadamente, facilitando a consecución dos nosos obxectivos.

---

#### *Identificando os nosos grupos de interese (GRI 4.14)*

**Alumnado:** O alumnado é un pilar fundamental da Universidade, a nosa razón de ser. Desde unha visión integral, a Universidade de Vigo non só dota ao estudiantado de competencia profesional para o seu futuro desenvolvemento laboral, senón que proporciona todos os recursos necesarios para formar persoas responsables, con capacidade crítica e valores éticos que conforman a sociedade actual e futura.

**Persoal:** O persoal constitúe o activo máis valioso, é un dos grupos de interese de maior importancia para a Universidade. Integrado en conxunto por persoal docente e investigador e de administración e servizos, sabemos que del depende a calidade da docencia, da investigación e dos servizos de xestión e apoio. É o principal recurso da Universidade, e por iso tratamos de crear o mellor contorno de traballo potenciando a formación, promoción e crecemento persoal.

**Órganos de goberno:** Trátase dun grupo específico dentro do persoal que está encargado da condución política e das tarefas executivas da Universidade.

**Empresas e institucións:** Serán as principais receptoras dos/as nosos/as titulados/as, colaboran coa Universidade de Vigo a través dos distintos programas tanto no ámbito formativo coma no da investigación.

**Colaboradores:** Fundacións, asociacións, organizacións empresariais, sindicatos, centros de ensino e outras son institucións que, con carácter estratéxico, impulsan e xeran valor engadido ao noso labor. Colaborando coa Universidade de Vigo axúdannos a impulsar a docencia práctica e a creación de coñecemento aplicado, contribuíndo ao desenvolvemento da comunidade universitaria.

**Ámbito universitario:** Incluímos neste grupo calquera entidade do ámbito universitario, xa sexan outras universidades, ou redes e órganos universitarios.

**Provedores:** Son aqueles que provén de bens materiais, fornecementos ou servizos á Universidade, facendo posible o seu correcto funcionamento.

**Sociedade:** Entendida como a beneficiaria última da nosa actividade e sobre a que a Universidade xera o seu impacto social. Potenciamos o diálogo coa sociedade a través dos seus diferentes representantes como a comunidade local, as organizacións sen ánimo de lucro, os medios de comunicación etc.

**Administración Pública:** Fundamental e necesaria para poder desenvolver a nosa actividade, establecemos un diálogo de carácter bidireccional que achega valor en ambos organismos.

### *3.4 Achega da Universidade de Vigo á responsabilidade social como disciplina*

Á marxe de desenvolver e mellorar a nosa responsabilidade social, desde a Universidade de Vigo entendemos que como entidade xeradora de coñecemento, e polo impacto social da institución, debemos apoiar, mediante diferentes políticas e accións, a difusión e consolidación da propia responsabilidade social como disciplina.

Cada vez con máis motivos, a oferta formativa inclúe a responsabilidade social como eixe transversal en diferentes estudos de grao e posgrao; mesmo conformando por si mesma o obxecto de estudo fundamental en programas académicos e cursos específicos.

En canto á oferta de mestrados e cursos de posgrao, a Universidade de Vigo respondeu ao aumento da demanda de formación de terceiro ciclo en materia de responsabilidade social. A continuación preséntanse os mestrados que se ofertaban que, ou ben fan mención expresa ao termo RSE no título, ou ben gardan unha relación directa co tema:

- Administración integrada de empresas: responsabilidade social corporativa, calidade e medio ambiente.
- Xestión do desenvolvemento sostible.
- Enerxía e sostibilidade.
- Tecnoloxía medioambiental.
- Menores en situación de desprotección e conflito social.

Ademais, desde a propia área de voluntariado, colabórase no desenvolvemento de estudos e traballos sobre temas relacionados co voluntariado e cos problemas sociais do contorno e realízanse cursos de verán e de formación específica noutras accións promovidas desde a propia universidade, ou en colaboración con outras institucións (Dirección Xeral de Voluntariado, concellos etc.).

A pertenza da Universidade de Vigo a diferentes redes e plataformas específicas sobre responsabilidade social (Rede UNIRSE, RSE Galicia etc.) evidencian a nosa implicación e compromiso coa responsabilidade social en xeral, e coa responsabilidade social universitaria en particular.

---

## *4. Transparencia e sustentabilidade na xestión económica*

A análise da dimensión económica avaliará tanto os compromisos coma o rendemento de contas dos resultados acadados. Respectivamente, a planificación orzamentaria por un lado e a súa execución posterior, por outro.

Búscase garantir, en definitiva, a sustentabilidade das operacións do sistema universitario público no sentido máis amplo, de xeito que sexa un recurso ao alcance das futuras xeracións. En termos globais, a Universidade de Vigo comprométese a:

Mellorar a eficacia na xestión do gasto desde o programa de Mellora da xestión económico-financeira establecida no Plan operativo de xestión 2008-2012, no seu eixe de modernización e calidade. Aumentar a transparencia das operacións a través dun compromiso explícito de aumentar a claridade na presentación dos datos económicos, de maneira que sexa máis comprensible para os grupos de interese.

#### 4.1 Planificación orzamentaria

Os cadros seguintes amosan tanto os orzamentos provisionais coma os definitivos da Universidade de Vigo, engadindo ás previsións iniciais as modificacións realizadas ao longo do exercicio:

Táboa 13. Orzamento de gastos inicial e definitivo da Universidade de Vigo. Ano 2011 (€) (GRI, EC1)

| CAPÍTULOS                               | Créditos iniciais | Modificacións | Créditos definitivos | Grao de execución |
|---|-------------------|---------------|----------------------|-------------------|
| I. Gastos de persoal                    | 94.823.000        | 75.687        | 94.898.687           | 100,08%           |
| II. Gastos correntes en bens e servizos | 24.581.036        | 2.917.133     | 27.498.169           | 111,87%           |
| III. Gastos financeiros                 | 50.000            | 200.000       | 250.000              | 500,00%           |
| IV. Transferencias correntes            | 7.155.659         | 1.810.465     | 8.966.124            | 125,30%           |
| V. Fondo de continxencia                | 600.000           | -572.965      | 27.035               | 4,51%             |
| OPERACIÓNS CORRENTES                    | 127.209.695       | 4.430.320     | 131.640.015          | 103,48%           |
| VI. Investimentos reais                 | 38.214.158        | 9.462.558     | 47.676.716           | 124,76%           |
| VII. Transferencias de capital          | 0                 | 393.172       | 393.172              | -                 |
| OPERACIÓNS DE CAPITAL                   | 38.214.158        | 9.855.730     | 48.069.888           | 125,79%           |
| OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS              | 165.423.853       | 14.286.050    | 179.709.903          | 108,64%           |
| VIII. Activos financeiros               | 50.000            | 0             | 50.000               | 100,00%           |
| IX. Pasivos financeiros                 | 2.430.000         | 220.000       | 2.650.000            | 109,05%           |
| OPERACIÓNS FINANCEIRAS                  | 2.480.000         | 220.000       | 2.700.000            | 108,87%           |
| TOTAL                                   | 167.903.853       | 14.506.050    | 182.409.903          | 108,64%           |

Fonte: Elaboración a partir do cadro 1: Orzamento de gastos inicial e definitivo da Universidade de Vigo por capítulos. Ano 2011 (€) da Memoria económica.

Con respecto ao orzamento inicial, as desviacións son baixas, sendo o crédito definitivo dun 8,64% superior ao previsto. No entanto, cabe destacar que a evolución do orzamento foi á baixa, xa que a contía de gasto definitivo sitúase en 2011 nun 8,17% menos ca no exercicio precedente (198.633.572 en 2010 versus 182.409.903 en 2011).



Táboa 14. Orzamento de ingresos inicial e definitivo da Universidade de Vigo. Ano 2011 (€) (GRI EC1 e EC4)

| CAPÍTULOS                                     | Créditos iniciais  | Modificacións     | Créditos definitivos |
|---|--------------------|-------------------|----------------------|
| III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 15.494.000         | 482.652           | 15.976.652           |
| IV. Transferencias e subvencións correntes    | 104.773.702        | 548.934           | 105.322.636          |
| V. Ingresos patrimoniais                      | 282.000            | 1.820             | 283.820              |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>                   | <b>120.549.702</b> | <b>1.033.406</b>  | <b>121.583.108</b>   |
| VII. Transferencias e subvencións de capital  | 25.820.764         | 553.457           | 26.374.221           |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>                  | <b>25.820.764</b>  | <b>553.457</b>    | <b>26.374.221</b>    |
| <b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>             | <b>146.370.466</b> | <b>1.586.863</b>  | <b>147.957.329</b>   |
| VIII. Variación de activos financeiros        | 15.271.575         | 13.731.512        | 29.003.087           |
| IX. Variación de pasivos financeiros          | 6.261.812          | -812.325          | 5.449.487            |
| <b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>                 | <b>21.533.387</b>  | <b>12.919.187</b> | <b>34.452.574</b>    |
| <b>TOTAL</b>                                  | <b>167.903.853</b> | <b>14.506.050</b> | <b>182.409.903</b>   |

Fonte: Orzamento de ingresos inicial e definitivo da Universidade de Vigo por capítulos. Ano 2011 (€) da Memoria económica.

Tomando o conxunto do Sistema Universitario Galego, no que a Universidade de Vigo segue a mesma tendencia, apréciase unha evolución positiva do gasto na maioría das partidas no conxunto universitario galego, non sen independencia da menor cantidade de ingresos dispoñible, especialmente salientable no caso das transferencias de capital.

A táboa inferior presenta a evolución de ingresos e gastos na nosa institución entre 2010 e 2011.

Táboa 15. Evolución de gastos e ingresos (2010-2011)

| Capítulos de ingreso                                   | 2010        | 2011        | Variación € | Variación % |
|--|-------------|-------------|-------------|-------------|
| Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 15.833.018  | 15.494.000  | -339.018    | -2,14%      |
| Capítulo IV. Transferencias correntes                  | 98.549.919  | 104.773.702 | 6.223.783   | 6,32%       |
| Capítulo V. Ingresos patrimoniais                      | 535.000     | 282.000     | -253.000    | -47,29%     |
| Ingresos Correntes                                     | 114.917.937 | 120.549.702 | 5.631.765   | 4,90%       |
| Capítulo VII. Transferencias de capital                | 39.458.798  | 25.820.764  | -13.638.034 | -34,56%     |
| Capítulo VIII. Variación de activos financeiros        | 21.623.585  | 15.271.575  | -6.352.010  | -29,38%     |
| Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros          | 0           | 6.261.812   | 6.261.812   |             |
| Ingresos de capital                                    | 61.082.383  | 47.354.151  | -13.728.232 | -22,47%     |
| Total ingresos:  | 176.000.320 | 167.903.853 | -8.096.467  | -4,60%      |

| Capítulos de gasto                           | 2010               | 2011               | Variación €       | Variación %   |
|--|--------------------|--------------------|-------------------|---------------|
| Capítulo I. Gastos de persoal                | 99.336.400         | 94.823.000         | -4.513.400        | -4,54%        |
| Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos | 28.496.842         | 24.581.036         | -3.915.807        | -13,74%       |
| Capítulo III. Gastos financeiros             | 73.003             | 50.000             | -23.003           | -31,51%       |
| Capítulo IV. Transferencias correntes        | 6.844.045          | 7.155.659          | 311.614           | 4,55%         |
| Capítulo V. Fondo de continxencia            | 500.000            | 600.000            | 100.000           | 20,00%        |
| Gastos Correntes                             | 135.250.290        | 127.209.695        | -8.040.596        | -5,94%        |
| Capítulo VI. Inversións reais                | 38.123.029         | 38.214.158         | 91.129            | 0,24%         |
| Capítulo VIII. Activos financeiros           | 90.001             | 50.000             | -40.001           | -44,45%       |
| Capítulo IX . Pasivos financeiros            | 2.537.000          | 2.430.000          | -107.000          | 0,00%         |
| <b>Gastos de capital</b>                     | <b>40.750.030</b>  | <b>40.694.158</b>  | <b>-55.872</b>    | <b>-0,14%</b> |
| <b>Total gastos:</b>                         | <b>176.000.320</b> | <b>167.903.853</b> | <b>-8.096.468</b> | <b>-4,60%</b> |

Fonte: Liñas básicas de actuación nos orzamentos 2011.

A raíz da situación económica de crise e das normativas europeas (Sistema Europeo de Contas e o sistema de rendemento de contas da Consellería de Facenda), a Universidade de Vigo comprometeuse, en primeiro lugar, a axustar os gastos a unhas dotacións de menores ingresos nos orzamentos públicos a partir de 2009, como se amosa na táboa anterior. En segundo lugar, comprometeuse a diminuír as cantidades da partida de modificacións orzamentarias. A diminución desta partida tería como consecuencia a aprobación dos gastos e inversións cun maior criterio de responsabilidade cos compromisos orzamentarios iniciais e, polo tanto, unha maior accountability de cara á xestión dos fondos públicos. Como é sabido, este concepto supón unha evolución da noción de rendición de contas desde unha visión restritiva, de carácter obrigatoria e substancialmente cuantitativa, cara a outra máis fonda e voluntaria, que integre tamén as políticas e as prácticas dunha organización para unha gobernanza máis responsable.

Deste xeito, a Universidade prevé que o volume de modificacións orzamentarias deberá seguir a diminuír nos próximos exercicios, como produto da continua introdución de novas medidas cara ao axuste continuo do modelo de xestión económico-orzamentario da Universidade.

Táboa 16. Evolución do orzamento 2007-2011

|                              | 2007        | 2008        | 2009        | 2010        | 2011        |
|------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| Orzamento inicial            | 152.435.357 | 174.183.672 | 182.217.836 | 176.000.320 | 167.903.853 |
| Modificacións orzamentarias  | 37.418.932  | 33.368.862  | 21.932.355  | 22.633.252  | 14.506.050  |
| Xeracións de crédito         | 14.548.697  | 5.906.409   | 2.516.699   | 2.676.773   | 1.388.059   |
| Incorporacións de remanentes | 22.870.236  | 28.272.453  | 19.415.656  | 19.956.478  | 13.117.991  |
| Transferencias de crédito    | 19.727.518  | 20.463.717  | 581.725     | 1.646.826   | 5.702.449   |
| Orzamento definitivo         | 189.854.289 | 207.552.534 | 204.150.191 | 198.633.572 | 182.409.903 |

Fonte: Evolución do orzamento e as súas modificacións 2007-2011 (€) de Memoria económica 2011.

#### 4.2 Execución orzamentaria

Co motivo de continuar co exercicio de transparencia, na Memoria económica distínguese entre os orzamentos e a execución orzamentaria propiamente dita. No resultado orzamentario determinarase o grao de cumprimento do orzamento do apartado anterior.

A nivel de resultado orzamentario, nas entidades de carácter público, como a Universidade de Vigo, establécese o concepto de déficit ou superávit orzamentario. Cuantificando os dereitos e as obrigas recoñecidas, no ano 2011 logrouse un superávit de 543.289€, co que se demostra unha mellora con respecto ao déficit de -11.811.821€ acadados no exercicio anterior. Isto supón a nivel de ingresos, un grao de execución de dereitos superior aos ingresos previstos nun 101,17% e, no caso das obrigas, un volume menor de gastos con respecto aos previstos nun 84,79%. Ambos os dous resultados demostran unha maior eficacia na xestión económica da Universidade .

O balance de situación ao remate do exercicio 2011 resume os resultados de execución orzamentaria e a situación patrimonial da universidade. Cómpre destacar que, se ben a normativa esixe que se especifiquen as cifras do exercicio corrente e a situación patrimonial comparadas coas do exercicio anterior, nesta ocasión non é factible por mor do cambio do Plan xeral de contabilidade pública que se implantou na Universidade a partir do 1 de xaneiro de 2011. Indicadores importantes que debemos mencionar neste apartado son o nivel de endebedamento e a capacidade de atender pagos (liquidez de tesourería).

Táboa 17. Balance de situación 2011

| <b>Descrición</b>  | <b>Exercicio 2011</b> |
|--|-----------------------|
| <b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>  | <b>225.785.957,68</b> |
| <i>I. Inmobilizado intanxible</i>  | <i>937.861,23</i>     |
| <i>II. Inmobilizado material</i>   | <i>218.544.346,81</i> |
| <i>IV. Investimentos financeiros a longo prazo en entidades do grupo</i> | <i>5.912.193,25</i>   |
| <i>V. Investimentos financeiros a longo prazo</i>                        | <i>391.556,39</i>     |
| <b>B) ACTIVO CORRENTE</b>  | <b>59.008.642,47</b>  |
| <i>III. Debedores e outras contas a cobrar</i>                           | <i>29.810.517,62</i>  |
| <i>V. Investimentos financeiros a curto prazo</i>                        | <i>1.537.664,85</i>   |
| <i>VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes</i>              | <i>27.660.460,00</i>  |
| <b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>  | <b>284.794.600,15</b> |
| <b>A) PATRIMONIO NETO</b>  | <b>239.797.195,85</b> |
| <i>I. Patrimonio</i>   | <i>271.107.577,71</i> |
| <i>II. Patrimonio xerado</i>   | <i>-31.310.381,86</i> |
| <b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>  | <b>27.183.667,83</b>  |
| <i>I. Provisións a longo prazo</i>                                       | <i>5.085.545,35</i>   |
| <i>II. Débedas a longo prazo</i>   | <i>22.098.122,48</i>  |
| <b>C) PASIVO CORRENTE</b>  | <b>17.813.736,47</b>  |
| <i>II. Débedas a curto prazo</i>   | <i>2.542.000,00</i>   |
| <i>IV. Acredores por operacións de xestión</i>                           | <i>3.504.309,52</i>   |
| <i>V. Axustes por periodificación</i>                                    | <i>11.767.426,95</i>  |
| <b>TOTAL PASIVO (A+B+C)</b>  | <b>284.794.600,15</b> |

Fonte: Balance de situación da Universidade de Vigo 2011-2010(€) da Memoria económica.

O nivel de endebedamento da Universidade é moi reducido. O indicador de endebedamento que considera a relación entre a totalidade do pasivo esixible (corrente e non corrente), respecto ao pasivo total da entidade, dá un resultado de 0,16 que, ao ser moi inferior a 1, evidencia a solvencia e estabilidade financeira da institución. No que toca á situación de tesourería, o saldo da tesourería acada o valor de 27.660.460 € a 31 de decembro de 2011. Os diversos indicadores de liquidez recollidos na Memoria económica amosan unha boa situación de dispoñibilidade de tesourería, e polo tanto, de capacidade de atención de pagos con respecto á responsabilidade cos seus debedores. Por exemplo, o indicador de liquidez inmediata reflicte a porcentaxe de débedas orzamentarias e non orzamentarias que poden atenderse coa liquidez inmediata dispoñible. O produto de dividir os fondos líquidos entre o pasivo corrente (27.660.460,00€ / 17.813.736,47€), sendo o resultado 1,55. Un cociente superior a 1 indica unha boa situación de tesourería. O resultado amosa a capacidade para facer fronte aos pagos a curto prazo coas partidas que compoñen o dispoñible do activo corrente.

#### 4.3 Plan de financiamento 2011-2015 da Universidade de Vigo dentro do Sistema Universitario Galego

Desde unha perspectiva máis global, dentro do SUG, 2011 supón o comezo dun Plan de financiamento que, sendo acordado en tempos de crise e implicando un menor financiamento do SUG, ten, por primeira vez, un reparto parcial por resultados, en particular por méritos derivados de resultados na docencia, na investigación, na transferencia, na internacionalización, na atención ás demandas sociais e na xestión. Esa porcentaxe de reparto por resultados é moi cativa ao comezo do plan, pero é crecente. Por exemplo, na partida de financiamento estrutural, estipúlase que a partir de 2012 un 5% da contía repartirase en base a estes criterios obxectivos, sendo do 10% para 2013. Nas outras compoñentes do plan sucede algo semellante.

Por outra banda, nun exercicio de transparencia co público, no documento de Liñas básicas de actuación nos orzamentos 2011 están publicados aspectos desta nova estrutura que deberían mellorarse. Entre eles, explícase que o novo plan adoece dunha relación crible entre o horizonte de financiamento proposto e o compromiso de axustarse a ese plan no período 2011-2015. Por outra banda, indícase que a proporción de recursos que se deben distribuír por resultados é aínda bastante cativa.

Táboa 18. Liñas de financiamento do sistema universitario galego

| COMPOÑENTES DO FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES GALEGAS | FERRAMENTAS   | CORRESPONDENCIAS APROXIMADAS CO PLAN 2005-2010  |
|--|---|---|
| Financiamento estrutural                               | Subvención fixa e subvención extraordinaria SUG   | Fondo incondicionado<br>Sexenios<br>Complementos retributivos<br>Contratos-programa<br>RAM<br>INEF-SERGAS |
|  | Subvención por capacidade investigadora   | Non hai correspondencia   |
|  | Subvención para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica | Non hai correspondencia   |
| Financiamento por resultados                           | Subvención por resultados docentes  | Non hai correspondencia   |
|  | Subvención por resultados de investigación  | Plan galego de I+D+i  |
|  | Subvención por resultados de transferencia tecnolóxica                                  | Apoio á investigación   |
| Financiamento por mellora da calidade                  | Subvención por mellora da calidade dos resultados universitarios                        | Complemento do Plan de financiamento  |

#### 4.4 Relación económica cos grupos de interese

Neste apartado detállanse os fluxos de capitais con respecto aos diferentes grupos de interese que recoñecemos con carácter de maior relevancia para a Universidade de Vigo. Por unha banda, está a análise daqueles grupos máis próximos á actuación da Universidade e con fluxos económicos directos.

Os principais grupos de interese tratados son: os/as investigadores/as, o persoal da Universidade, os entes implicados nos investimentos de infraestrutura e os beneficiarios da partida de transferencias correntes.

#### Investigación:

As actividades de investigación pódense levar a cabo mediante fondos procedentes de proxectos e outras actuacións (de fortalecemento de grupos de investigación, complementarias etc.) con cargo a convocatorias públicas de distintos organismos ou a través de entidades doutra natureza, fundamentalmente de empresas.

Dentro do segundo caso, distínguense dúas vías de realización das actividades. A primeira, o I+D por encargo, onde unha empresa ou organización propón os obxectivos, asume os riscos, paga o seu custo e, finalmente, dispón dos resultados. A segunda, a I+D colaborativa, onde os participantes dos proxectos involucran os seus recursos, comparten riscos e obxectivos e distribúen a propiedade dos resultados. No caso da I+D colaborativa, debido á máis variada e ampla gama de participantes fóra do cadro público, destaca o papel amplificador no conxunto da economía consecuencia dun maior papel da Universidade influíndo na sustentabilidade do seu contexto económico.

A seguir, preséntanse os datos de realización das actividades de transferencia:

Táboa 19. Actividades de transferencia ano 2011

| <b>TIPO</b>          | <b>Nº TOTAL</b> | <b>IMPORTE TOTAL</b> |
|----------------------|-----------------|----------------------|
| <i>Contratos I+D</i> | 205             | 7.710.416            |
| <i>Informes</i>      | 1.468           | 1.696.703            |
| <i>Cursos</i>        | 18              | 56.487               |
| <b>Total:</b>        | <b>1.691</b>    | <b>9.463.606</b>     |

As actividades de investigación e de transferencia teñen un papel importante na maior xeración de créditos por ingresos e a maior execución das operacións de capital neste período. Superando os orzamentos, os ingresos polas partidas de actividades de investigación, cursos de formación e maior recadación por matrículas son, en conxunto, maiores que as orzadas e a súa modificación conxunta acada os 1.388.059 €. En canto ás operacións de capital (transferencias e subvencións de capital), o grao de execución é alto, acadando un 105,66%, ligado a un maior éxito do inicialmente previsto nas actividades asociadas á investigación básica, tanto institucionais, coma dos grupos da Universidade, e á transferencia da investigación.

### Persoal da Universidade:

O capítulo I referente a gastos de persoal é o que supón o gasto máis relevante das contas, cun 56.47% do orzamento inicial e un 52,02 do definitivo. Este importe vén minorado con respecto ao período anterior a raíz da aplicación do Real Decreto-lei 8/2010, onde se establece a minoración salarial dos/as traballadores/as do sector público.

Táboa 20. Gastos de persoal por partidas 2010 e 2011 (GRI EC3)

| DENOMINACIÓN                    | 2011              | Importe da variación s/ 2010 | Porcentaxe de variación s/ 2010 | 2010              |
|---------------------------------|-------------------|------------------------------|---------------------------------|-------------------|
| Altos cargos e persoal eventual | 400.817           | -48.780                      | -10,85 %                        | 449.597           |
| Funcionarios/as                 | 52.158.482        | -1.149.793                   | -2,16 %                         | 53.308.275        |
| Laborais                        | 10.154.812        | 65.551                       | 0,65 %                          | 10.089.261        |
| Outro persoal                   | 17.867.133        | -226.145                     | -1,25 %                         | 18.093.278        |
| Incentivos ao rendemento        | 725.721           | -2.319                       | -0,32 %                         | 728.040           |
| Gastos sociais                  | 12.106.319        | 417.211                      | 3,57 %                          | 11.689.108        |
| <b>TOTAL</b>                    | <b>93.413.284</b> | <b>-944.275</b>              | <b>-1,00 %</b>                  | <b>94.357.559</b> |

Fonte: Gasto de persoal (obrigas contraídas). Anos 2011 e 2010 (€) da Memoria económica.

Neste caso pódese apreciar que se segue a tendencia do SUG no seu conxunto, onde os gastos de persoal víñanse reducindo nun -4,54% (ver táboa 15).

### Acción social e plans de pensións

A acción social constitúe outro dos compromisos nas relacións da Universidade coa sociedade. Cumprindo co desenvolvemento de programas e accións de carácter social na Universidade de Vigo e, tras o acordo da Comisión de Acción Social, todos os anos convócanse axudas de fondo social. As modalidades de axudas e a distribución de fondos é a seguinte:

- Atención a persoas con minusvalía física, psíquica e/ou sensorial: 15% do total.
- Coidado de fillos/as de 0 a 6 anos: 35% do total.
- Estudos do persoal, fillo/ass e cónxuxe/parella de feito: 20% do total.
- Tratamentos de saúde do persoal, cónxuxe/parella de feito e fillos/as: 27% do total.
- Axudas extraordinarias: 3% do total.

Nesta liña cabe destacar igualmente que a Universidade de Vigo promove desde o ano 1997 un plan de pensións de modalidade de emprego, de contía indefinida, pola que realiza unha achega económica que se reparte equitativamente entre os/as empregados/as, persoal laboral ou funcionario, cunha antigüidade de dous anos na institución que se integren como partícipes activos do plan.

No ano 2011 a contía nos orzamentos da Universidade de Vigo para a acción social foi de 781.500 €, incluíndo a axuda social, as achegas ao plan de pensións e a formación do PAS.

**Investimentos: (GRI EC8)**

Esta é a partida de gasto que na Memoria económica se recolle como a de menor porcentaxe de execución con respecto ao orzado e acadada o 56,84% (acadara un 66,80% no exercicio 2010). Nun esforzo de aumentar a claridade deste feito, menciónase, por unha banda, o novo modelo de xestión dos gastos asociados aos proxectos de investigación que esixen, para a súa execución, un período de tempo superior ao exercicio orzamentario no que se acadada o financiamento.

Por outra banda, menciónase o proceso de xeración de nova infraestrutura e equipamento científico asociado a financiamento alleo que provoca o traslado de parte do gasto comprometido a exercicios posteriores a través dos remanentes de crédito.

O impacto económico indirecto dos investimentos en infraestruturas tales como os equipamentos sociais comunitarios, centros deportivos ou desenvolvemento de servizos de transporte, teñen un alcance económico maior que o directamente asumible polos principais usuarios e provedores, estendéndose ao conxunto da sociedade. Queda pendente validar este impacto en futuras análises, o que axudaría a un deseño e xestión de infraestruturas máis axeitado e sustentable. Para máis detalles sobre os investimentos do SUG en infraestruturas, cómpre referirse aos apartados IX (científicas), X (docentes e de servizo), XI (renovación informática) do documento sobre Liñas básicas de actuación nos orzamentos 2011.

**Beneficiarios das transferencias correntes:**

O gasto en transferencias correntes acadou un importe de 7.342.050€, cun incremento de 119.871€ verbo ao 2010 e unha variación porcentual dun 1,66% (ver cadro 16).

Dada a situación económica desfavorable do contorno, segue a manterse a liña de traballo e o compromiso establecido pola Universidade en exercicios precedentes, cunha clara aposta pola internacionalización e polo programa de bolsas e axudas, ao tempo que se mantén neste exercicio o programa de colaboración coas restantes universidades do Sistema Galego de Universidades a través de BUGALICIA e do CIXUG.

Táboa 21. Transferencias correntes 2010 e 2011 (GRI EC9)

| <i>DENOMINACIÓN</i>   | <i>2011</i>             | <i>Importe<br/>variación s/2010</i> | <i>Porcentaxe<br/>variación s/2010</i> | <i>2010</i>             |
|---|-------------------------|-------------------------------------|--|-------------------------|
| <i>Transferencias a entidades públicas</i>  | <i>1.733.688</i>        | <i>434.717</i>                      | <i>33,47%</i>                          | <i>1.298.971</i>        |
| <i>Transferencias a familias e institucións sen ánimo de lucro (bolsas e subvencións)</i> | <i>3.299.258</i>        | <i>-125.266</i>                     | <i>-3,66%</i>                          | <i>3.424.524</i>        |
| <i>Transferencias ao exterior (intercambios ERASMUS, LIG etc)</i>                         | <i>2.309.104</i>        | <i>-189.579</i>                     | <i>-7,59%</i>                          | <i>2.498.683</i>        |
| <b><i>TOTAL</i></b>   | <b><i>7.342.050</i></b> | <b><i>119.872</i></b>               | <b><i>1,66%</i></b>                    | <b><i>7.222.178</i></b> |

Fonte: Gasto en transferencias correntes. Anos 2011 e 2010 (€)

De acordo coas Liñas básicas de actuación nos orzamentos, o SUG comprométese coa captación do estudiantado estranxeiro, sobre todo de posgrao, e a súa aposta pola internacionalización reflíctese no esforzo por manter as bolsas e os programas de axudas e por mellorar a dotación de recursos estruturais da Oficina de Relacións Internacionais. Os obxectivos teñen que ser máis globais que os xa tradicionais espazos europeo e latinoamericano de educación superior.

Na actual conxuntura económica, non entanto, o primeiro reto ten que ser a obtención de recursos externos, a través de proxectos institucionais, que permitan desenvolver accións acaídas para a axeitada proxección internacional da nosa Universidade.

No tocante ás bolsas convocadas pola Universidade de Vigo, segundo o seu financiamento, concedéronse 1188 no curso 2010-2011, por unha contía que ascendeu a 1.398.593,90 €.

Táboa 22. *Bolsas convocadas pola Universidade de Vigo (2010-2011)*

| <i>Nome órgano Universidade de Vigo</i>   | <i>Suma de contía</i>        | <i>Bolsas concedidas</i> |
|---|------------------------------|--------------------------|
| <i>Sección de Bolsas</i>                  | <i>377.460,00 €</i>          | <i>637</i>               |
| <i>Vicerreitoría do Campus Ourense</i>    | <i>121.191,16 €</i>          | <i>65</i>                |
| <i>Vicerreitoría do Campus Pontevedra</i> | <i>63.709,00 €</i>           | <i>38</i>                |
| <i>Outros</i>                             | <i>836.233,74 €</i>          | <i>448</i>               |
| <b><i>Total</i></b>                       | <b><i>1.398.593,90 €</i></b> | <b><i>1188</i></b>       |

Como fontes de consulta para obter máis información do desempeño económico e das entidades participadas, referímonos á Memoria económica do exercicio 2011 da Universidade de Vigo. Neste documento engádesse un maior nivel de detalle e faise unha análise económica das entidades participadas seguintes: Cidade Universitaria, S.A. (CUSA), a Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI) ou a Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Adicionalmente, tamén se pode consultar o documento Liñas básicas de actuación nos orzamentos 2011 para unha perspectiva máis global da actuación económica, tanto da Universidade de Vigo coma do SUG.

## 5. Xestión ambiental

### 5.1 Política ambiental

O compromiso co desenvolvemento sostible, a eficiencia dos recursos e o respecto ao medio ambiente, supoñen un eixo transversal e ineludible da responsabilidade social da Universidade de Vigo e das súas relacións tanto cos membros da comunidade universitaria como coa sociedade no seu conxunto.

No ano 1999 a Universidade de Vigo, consciente do impacto negativo que poden xerar as súas actividades no contorno, creou a Oficina de Medio Ambiente (OMA), hoxe dentro do organigrama da Vicerreitoría de Economía e Planificación.

As principais funcións da OMA son as seguintes:

Asesorar a comunidade universitaria en temas relacionados co medio ambiente.

Fomentar un desenvolvemento sostible.

Intervir nas actuacións que poidan afectar negativamente ás condicións e compoñentes da Universidade.

Coordinar accións encamiñadas a aumentar a calidade ambiental e sensibilización da comunidade universitaria sobre a necesidade das actividades que se realizan desde a OMA.



As principais liñas de traballo cara á consecución dos obxectivos mencionados son:

- Responsabilidade ambiental da Universidade de Vigo: preservación de recursos naturais do contorno universitario, asesoramento á Universidade en cuestións relacionadas co medio ambiente, control e propostas de minimización do gasto enerxético, xeración de residuos, contaminación etc.
- Xestión de residuos: clasificación de tipos de residuos que son xerados pola Universidade de Vigo, xestión individualizada de cada tipo de residuo adecuada ás súas características mediante xestores autorizados, aplicación dos principios de redución, reutilización e reciclaxe a través de distintas actuacións.
- Educación e sensibilización ambiental: identificación de necesidades formativas e de sensibilización da comunidade universitaria en relación ás diferentes problemáticas ambientais; planificación, organización e colaboración en actividades de información ambiental dirixidas tanto á comunidade universitaria como a todos aqueles colectivos interesados por estas actividades; planificación e desenvolvemento de campañas informativas e de sensibilización mediante o uso de diferentes soportes.
- Conservación de espazos naturais: creación de novos hábitats naturais e mantemento dos existentes; fomento da colonización de hábitats por especies animais; implantación de programas de restauración da cuberta vexetal; eliminación de especies invasoras.
- Contratación e edificación sostibles: introdución de criterios ambientais nos contratos das distintas empresas (limpeza, conservación de espazos naturais, reprografía...) e control da súa actividade co fin de introducir melloras futuras; identificación do impacto ambiental dos proxectos de edificación e das construcións existentes cara á minimizalos.

No ano 2008 a Universidade de Vigo puxo en marcha o seu Plan de sostibilidade e medio ambiente (Plan SuMA). Este plan integra todas as accións e iniciativas que se están desenvolvendo na actualidade na Universidade de Vigo no ámbito do progreso sostible. Está articulado en sete programas que engloban todos os aspectos da sustentabilidade:

- Programa ESE: Eficiencia e sustentabilidade enerxética
- Programa R3: Reciclaxe e reutilización de residuos
- Programa CONTORNOS: Contorno natural e patrimonial
- Programa TP: Transporte
- Programa ISI: Instalacións singulares de I+D
- Programa CCS: Colaboracións e compromiso social
- Programa DIS: Difusión e sensibilización

Mediante o Plan SuMa a Universidade de Vigo pretende ser un referente para as universidades públicas españolas e europeas en materia de sustentabilidade. Pretende servir de apoio a toda a sociedade grazas á súa contribución á mellora continua a través da idea do progreso sostible.

Anexo a este plan, hai tres proxectos (Terraes, Vedra e Campus Verde) que permitirán a implantación, respectivamente nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo, de estratexias de desenvolvemento sostible e de integración das enerxías renovables a través de actuacións urbanísticas e paisaxísticas.

### 5.2 Actividades e iniciativas (GRI EN6, EN7,EN14)

Durante o curso 2011-2012 a OMA coordinou e promoveu as liñas de conservación ambiental que se aplicaron nos campus. As principais actividades despregadas ao longo do devandito curso son as seguintes:

1. Implantación dun Sistema de xestión ambiental (SXA) nas instalacións dos servizos de deportes e bibliotecas centrais dos tres campus.
2. Recollidas de residuos perigosos (RP) dos laboratorios e servizos da Universidade de Vigo.
3. Recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) en colaboración co GRUVI (Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo) na selección do material informático potencialmente reutilizable e o conseqüente traslado deste desde os distintos centros ao taller do GRUVI. Este material recuperado dóase a través de distintas convocatorias públicas, a institucións e entidades sen ánimo de lucro. O resto do material non reutilizable/reciclable recóllese e envíase ao xestor autorizado (Xesgal).

Táboa 23. RAEE retirados no curso 2011-2012

| Tipos                     | Destino              |                                 |
|---------------------------|----------------------|---------------------------------|
|                           | Reutilizados / GRUVI | Valorizados / xestor autorizado |
| CPU                       | 155                  | 488                             |
| Monitores                 | 65                   | 375                             |
| Impresoras                | 32                   | 174                             |
| Caixas con material vario | —                    | 45                              |
| Outros equipos eléctricos | —                    | 191                             |
| <b>TOTAL</b>              | <b>252</b>           | <b>1273</b>                     |

1. Estudo da pegada de carbono e pegada ecolóxica da Universidade de Vigo. Este informe ademais dos resultados das citadas pegadas, incorpora un conxunto de datos ambientais de moito interese, que sucintamente serán expostos noutros apartados deste capítulo.
2. Participación na campaña Mobilízate pola Selva para a recollida de teléfonos móbiles desbotados.

Mobilízate pola Selva é unha campaña de reciclaxe de teléfonos móbiles, lanzada polo Instituto Jane Goodall España. A Oficina de Medio Ambiente (OMA) colabora activamente con esta fundación, de xeito que ten instalados, desde hai 3 anos, puntos de recollida de teléfonos móbiles nos centros dos tres campus. Cada ano recóllense entre 70-100 teléfonos móbiles, que a OMA remite periodicamente á devandita fundación.

Os recursos obtidos da reciclaxe deste tipo de materiais son usados para a recuperación e coidado (apadriñamento) de chimpancés.

3. Universidade é natureza e Ruta das árbores (itinerarios ambientais guiados polos campus)
4. Convocatoria de dúas bolsas de formación, en Desenvolvemento sustentable e xestión ambiental da Universidade de Vigo na Oficina de Medio Ambiente (2011/2012)
5. Convocatoria de cinco bolsas para a formación complementaria do alumnado da Universidade de Vigo no Plan SuMA (Plan de sustentabilidade e medio ambiente da Universidade de Vigo), nos programas de:
  - Eficiencia enerxética e sustentabilidade (ESE)
  - Instalacións singulares de I+D (ISI)
  - Contorno natural e patrimonial (CONTORNOS)
  - Reciclaxe e reutilización de residuos (R3)
6. Campaña Cheo por Favor

Co programa Cheo por favor téntase fomentar compartir coche nos traslados dentro do ámbito universitario. Pretende reducir o número de vehículos que se desprazan aos distintos campus (Ourense, Vigo e Pontevedra).

Durante todo o período que leva en activo esta campaña, participaron máis de 200 persoas, compartindo arredor de 50 traxectos.

7. Continuando co labor de conservación e mellora dos campus, realizáronse diversas repoboacións e plantacións así como outras actuacións nos axardinamentos.

Neste senso, entre as actuacións realizadas no campus de Vigo, cabe salientar as seguintes: plantación de árbores e mellora dos axardinamentos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo; mellora da zona axardinada entre a Escola de Enxeñaría de Minas e a Escola de Enxeñaría Industrial; mellora nos axardinamentos da Biblioteca Central; mellora na calidade das augas superficiais que chegan á lagoa de Ciencias, acometendo a construción de tres diques de decantación previos, co fin de minimizar a súa colmatación.

No Campus de Ourense, destacan as seguintes actuacións: rehabilitación dunha zona duns 250 m<sup>2</sup> como horta urbana, dotada de 10 parcelas con rega individual, para o seu uso por parte do alumnado do Programa para maiores; creación de rutas ambientais e sinalización de especies; socialcos de cestería para a protección dos cedros.

8. Inventariado, supervisión e ampliación do viveiro de planta autóctona e ornamental.

En colaboración co Servizo de Xardinería e Mantemento de Zonas Verdes da Universidade de Vigo, mantense un viveiro cuns 500 pés de arborado autóctono e arredor de 500 unidades doutro tipo de plantas de distintas especies arbustivas, vivaces e cubridoras.

9. Estudo dos recursos hídricos do Campus de Vigo

Inventario dos principais recursos hídricos subterráneos (pozos) e superficiais (lagoas) do Campus de Vigo. Existe un protocolo de control e seguimento do estado e calidade destes, a través da medición de variables características (profundidade, pH, condutividade e temperatura) que se realiza periodicamente. Isto permite un coñecemento das variación das reservas de auga nos distintos puntos do campus co fin de facer un uso racional delas.

## 10. Estudo e aplicación de medidas de control e eliminación de especies exóticas invasoras (*Cyprinus carpio*, *Procambarus clarkii*) nos sistemas acuáticos naturais e seminaturais do Campus de Vigo.

Este foi o cuarto ano de aplicación de medidas de control das poboacións de especies exóticas invasoras, có obxectivo de reducir os impactos que producen estas especies.

### 5.3 A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo sacou á luz o resultado dun extenso estudo que materializa o obxectivo do Programa ESE: Eficiencia e sostibilidade (un dos programas do Plan SuMa). Ese traballo dá conta dos principais resultados da pegada ecolóxica da Universidade durante os anos 2010 e 2011, así como do seu progreso no tempo, tendo en conta os resultados obtidos nos anos anteriores (2008-2009) (<http://webs.uvigo.es/oma>).

O obxectivo dese estudo é utilizar o indicador da pegada de carbono (pegada ecolóxica) da Universidade de Vigo coa finalidade de coñecer a emisión de gases de efecto invernadoiro (GEI) derivada da súa actividade, e avaliar as causas que a producen. Este proxecto ten un importante interese e utilidade, debido a que pon de manifesto un compromiso de mellora continua da Universidade de Vigo de cara á redución de emisións e á eficiencia enerxética. Asemade, actúa como instrumento de sensibilización social da comunidade universitaria, fomentando prácticas máis sustentables no exercicio e uso das nosas actividades.

Dentro dos indicadores globais que miden de xeito conxunto os efectos ambientais dunha actividade ou poboación, atópase a chamada pegada ecolóxica. Este concepto foi introducido no ano 1990 por Mathis Wackernagel e William Rees da Universidade de British Columbia. Pode definirse como a superficie de terra e auga que require unha poboación para producir os recursos que consome e absorber os residuos que produce, utilizando a mellor tecnoloxía dispoñible.

A pegada ecolóxica componse de subpegadas, sendo das máis relevantes, en función do seu impacto directo no cambio climático, a pegada de carbono. Este indicador defínese como a totalidade de GEI (gases de efecto invernadoiro), expresados en unidades de CO<sub>2</sub>, emitidos directa e indirectamente por un individuo, organización, servizo ou produto, durante todo o seu ciclo de vida

Táboa 24. Emisións totais (ton CO<sub>2</sub>/ano) da UVIGO por fonte de emisión e por campus. Ano 2010:

|              | <i>Electr.</i> | <i>Gasóleo C</i> | <i>Gas natural</i> | <i>Mobilidade</i> | <i>Auga</i> | <i>Papel</i> | <i>Residuos</i> | <i>Edific.</i> | <i>TOTAL</i>  |
|--------------|----------------|------------------|--------------------|-------------------|-------------|--------------|-----------------|----------------|---------------|
| Vigo         | 1.716          | 1.796            | 102                | 11.743            | 16          | 265          | N.D.            | 2.197          | 17.835        |
| Pontevedra   | 228            | 383              | N.U.               | 611               | 3           | 70           | N.D.            | 617            | 1.912         |
| Ourense      | 482            | 644              | N.U.               | 786               | 11          | 66           | N.D.            | 745            | 2.734         |
| <b>TOTAL</b> | <b>2.426</b>   | <b>2.822</b>     | <b>102</b>         | <b>13.140</b>     | <b>30</b>   | <b>402</b>   | <b>15</b>       | <b>3.559</b>   | <b>22.496</b> |

N.U. (Non utilizado) // N.D. (Non dispoñible)

Táboa 15. Emisións totais (ton CO<sub>2</sub>/ano) da UVIGO por fonte de emisión e campus. Ano 2011:

|              | <i>Electr.</i> | <i>Gasóleo C</i> | <i>Gas natural</i> | <i>Mobilidade</i> | <i>Auga</i> | <i>Papel</i> | <i>Residuos</i> | <i>Edific.</i> | <i>TOTAL</i>  |
|--------------|----------------|------------------|--------------------|-------------------|-------------|--------------|-----------------|----------------|---------------|
| Vigo         | 2.258          | 1.488            | 87                 | 11.518            | 18          | 286          | N.D.            | 2.303          | 17.970        |
| Pontevedra   | 322            | 474              | N.U.               | 845               | 2           | 89           | N.D.            | 617            | 2.349         |
| Ourense      | 623            | 624              | N.U.               | 977               | 13          | 66           | N.D.            | 747            | 3.050         |
| <b>TOTAL</b> | <b>3.204</b>   | <b>2.586</b>     | <b>87</b>          | <b>13.352</b>     | <b>33</b>   | <b>441</b>   | <b>12</b>       | <b>3.667</b>   | <b>23.371</b> |

N.U. (Non utilizado) // N.D. (Non dispoñible)

Como podemos apreciar nas táboas anteriores, a variación de emisións máis salientable entre 2010 e 2011 débese á electricidade. O incremento das emisións asociadas a este consumo está máis vinculado a un incremento no factor de emisión que ao propio consumo. As emisións asociadas ao consumo de auga aumentaron lixeiramente en 2011, por tratarse dun ano máis seco e, polo tanto, pola necesidade dun maior consumo no mantemento de zonas verdes e instalacións deportivas.

As emisións procedentes do consumo de papel aumentaron no ano 2011, principalmente, por un lixeiro incremento no número de alumnado. No tocante ás emisións derivadas da produción de residuos, diminuíron levemente, por tratarse dunha fonte de emisión moi variable dependendo dos proxectos de investigación realizados.

Por último, as emisións asociadas á edificación, víronse incrementadas en 2011 con respecto ao ano precedente, pola construción do edificio MTI e o novo CACTI. Todo isto fixo que as emisións totais da Universidade, que para o ano 2010 eran de 22.495 toneladas de CO<sub>2</sub>, aumentasen para 2011 a 23.371 toneladas.

Táboa 26. Resumo de datos finais obtidos. Ano 2010:

| Emisións xeradas (ton CO <sub>2</sub> /ano) | Persoas | Pegada de carbono (ton CO <sub>2</sub> /pers./ano) |
|---|---------|--|
| 22.496                                      | 23.219  | 0,97   |

Táboa 27. Resumo de datos finais obtidos. Ano 2011.

| Emisións xeradas (ton CO <sub>2</sub> /ano) | Persoas | Pegada de carbono (ton CO <sub>2</sub> /pers./ano) |
|---|---------|--|
| 23.371                                      | 24.429  | 0,96   |

Na táboa 26 e 27 amósanse as emisións totais de GEI producidas pola Universidade de Vigo, tanto directas coma indirectas, para 2010 e 2011, respectivamente.

Os resultados finais da pegada de carbono por persoa non manifestan grandes diferenzas entre 2010 e 2011, porque aínda que as emisións totais aumentan en 875 toneladas, o número total de persoas tamén aumenta en cerca de 1.200 persoas. Isto orixina que a pegada de carbono por persoa varíe de 0,97 toneladas de CO<sub>2</sub> en 2010 a 0,96 toneladas de CO<sub>2</sub> en 2011.




Figura 3. Achega de emisións en porcentaxe de cada fonte de emisión:

Táboa 28. Pegada ecolóxica (ha/pers./ano) da Universidade de Vigo. Ano 2011:

(GRI EN16)

| Ano  | Emisións totais<br>(ton CO <sub>2</sub> ) | Pegada ecolóxica (ha/<br>ano) | Pegada ecolóxica (ha/<br>pers./ano) |
|------|---|-------------------------------|-------------------------------------|
| 2010 | 22.496                                    | 4.318                         | 0,185                               |
| 2011 | 23.371                                    | 4.490                         | 0,184                               |

Como vemos, as emisións producidas pola Universidade de Vigo ascenden a 23.371 toneladas de CO<sub>2</sub> en 2011. A superficie necesaria para fixar estas emisións é de cerca de 4.490 hectáreas de bosque e, polo tanto, a pegada ecolóxica de 4.490 ha/ano ou 0,184 ha/pers./ano.

### Comparativa de pegadas ecolóxicas con outras universidades

Para valorar a magnitude da pegada de carbono da Universidade de Vigo é salientable facer unha comparativa con valores doutras universidades. Para realizar unha comparación máis relevante, podemos analizar as pegadas de carbono das distintas universidades en ton/ano. A Universidade de Vigo presenta unha gran desvantaxe fronte ás demais universidades polas súas características de localización, que condicionan unhas emisións asociadas á mobilidade moi elevadas. Para mitigar este inconveniente, compararemos as emisións de todas as universidades excluindo as emisións de mobilidade.

Táboa 29. Comparativa de pegadas de carbono en ton CO<sub>2</sub>/ano e ton CO<sub>2</sub>/pers./ano en distintas universidades.

|   | Ano  | Emisións asociadas á<br>mobilidade | Pegada de carbono sen<br>mobilidade | Pegada de carbono sen<br>mobilidade por persoa |
|---|------|------------------------------------|-------------------------------------|--|
| Universidade de Vigo                      | 2011 | 13.352                             | 10.019                              | 0,41   |
| Universidade da<br>Coruña                 | 2008 | 9.484                              | 11.864                              | 0,50   |
| Universidade de<br>Santiago de Compostela | 2007 | 5.749                              | 26.658                              | 0,83   |

Na táboa 29 compáranse as emisións de distintas universidades excluindo a mobilidade. No entanto, ao comparar o resto de emisións, podemos comprobar que as da Universidade de Vigo son relativamente baixas.

Táboa 30. Comparativa de pegadas ecolóxicas entre distintas universidades.

|   | Localización                    | Ano  | Pegada ecolóxica |
|---|---------------------------------|------|------------------|
| Universidade de Vigo                      | Vigo (España)                   | 2011 | 0,18 ha/cap      |
| Universidade da Coruña                    | Coruña (España)                 | 2008 | 0,15 ha/cap      |
| Universidade de Santiago de<br>Compostela | Santiago de Compostela (España) | 2008 | 0,13 ha/cap      |
| University of Toronto at Missis-<br>sauga | Ontario (Canadá)                | 2008 | 0,91 hag/cap     |
| University of Newcastle                   | Newcastle (Australia)           | 1999 | 0,19 hag/cap     |
| University of Redlands                    | California (EEUU)               | 1998 | 0,85 hag/cap     |
| University of Holme,<br>Lacy College      | Herefordshire (Inglaterra)      | 2001 | 0,64 ha/cap      |

A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo (0,18 ha/cap) ten un valor non moi elevado comparándoo con outras universidades. Á vista dos resultados obtidos por outras universidades españolas coma a de Santiago de Compostela (0,13 ha/cap), pódese garantir que a Universidade de Vigo ten un compromiso ambiental salientable, porque malia posuír un grande hándicap ao estar localizado o seu campus principal afastado do núcleo urbano, consegue ter unha pegada ecolóxica moi razoable. O feito de que exista grande extensión arborada e vexetal no Campus de Vigo é moi beneficioso, xa que actúa como sumidoiro de emisións.


#### 5.4 A xestión dos residuos e consumos de enerxía (GRI EN22)

Os datos da produción de residuos perigosos e RAEE (residuos de aparellos eléctricos e electrónicos), e as súas emisións asociadas por ano, expóñense nas seguinte táboa:

Táboa 31. Consumos (kg) e emisións totais (kg CO<sub>2</sub>) de residuos perigosos e RAEEs da Universidade de Vigo. Ano 2011:

| <i>Tipo de residuo</i>                  | <i>Cantidade</i> | <i>Emisións anuais</i> | <i>Emisións anuais/pers.</i> |
|---|------------------|------------------------|------------------------------|
| <i>Disolventes haloxenados</i>          | 1.640            | 302                    | 0,0124                       |
| <i>Disolventes non haloxenados</i>      | 4.280            | 788                    | 0,0322                       |
| <i>Disolucións acuosas</i>              | 5.899            | 1.280                  | 0,0524                       |
| <i>Disolucións ácidas</i>               | 2.413            | 524                    | 0,0214                       |
| <i>Disolucións alcalinas e crómicas</i> | 769              | 167                    | 0,0068                       |
| <i>Sólidos contaminados</i>             | 2.091            | 642                    | 0,0263                       |
| <i>Bioperigosos e especiais</i>         | 680              | 2.592                  | 0,1061                       |
| <i>Citotóxicos</i>                      | 281              | 1.070                  | 0,0438                       |
| <i>Aceites</i>                          | 180              | 42                     | 0,0017                       |
| <i>Baterías</i>                         | 350              | 90                     | 0,0037                       |
| <i>Recipientes baleiros</i>             | 1232             | 179                    | 0,0073                       |
| <i>Fotográficos</i>                     | 758              | 164                    | 0,0067                       |
| <i>Pinturas e vernices</i>              | 46               | 14                     | 0,0006                       |
| <i>RAEE</i>                             | 6.379            | 447                    | 0,0183                       |
| <b>TOTAL</b>                            | <b>26.999</b>    | <b>8.301</b>           | <b>0,3398</b>                |

Figura 4. Producción anual (kg) de residuos perigosos e RAEEs na UVIGO de 1998 ata 2011.



A figura 4 amosa os datos de residuos perigosos e RAEE, en quilogramos, producidos no período de 1998 ata 2011. Como podemos observar, parece existir unha tendencia a aumentar a cantidade de residuos xerados. A produción de residuos ao longo destes anos presenta un importante aumento a partir de 2008. Isto débese en gran medida á maior produción de RAEE, asociada á renovación das aulas informáticas e ao cambio de equipos informáticos persoais.

Os principais tipos de residuos perigosos xerados na Universidade de Vigo proceden maioritariamente dos laboratorios, resultado das tarefas de investigación e, en menor medida, debido ás prácticas de laboratorio do alumnado de estudos experimentais ou técnicos.

A continuación expóñense os resultados da produción de residuos urbanos por tipo e ano.

Figura 4. Producción (kg) de residuos urbanos por tipo. Ano 2011








Figura 5. Producción anual de residuos (ton) e emisións asociadas (ton CO<sub>2</sub>).




Por outra banda, hai que sinalar que durante o período que cubre esta memoria a Universidade de Vigo non foi multada nin sancionada por incumprimento de normativa medioambiental algunha; antes ben, nunha extensión do seu compromiso e responsabilidade, exerceu labores de vixilancia dos espazos próximos aos campus (GRI EN28).


Táboa 32. Consumos anuais de enerxía e auga(GRI EN3, EN8):




Consumo de gasóleo (m<sup>3</sup>) e emisións asociadas (ton CO<sub>2</sub>).



Consumo de gas natural (m<sup>3</sup>) e emisións asociadas (ton CO<sub>2</sub>).



Consumo de electricidade(GWh) e emisións asociadas (ton CO<sub>2</sub>).



Consumo de auga (m<sup>3</sup>) e emisións asociadas (ton CO<sub>2</sub>).

5.5 Boas prácticas de cara á redución do impacto ambiental

No marco das medidas máis salientables acadadas pola nosa institución para reducir as súas emisións, podemos diferenciar a instalación de diversas fontes de enerxías renovables: solar térmica e fotovoltaica (Campus de Ourense, Área de Deportes, CITEXVI, Escola de Enxeñaría Industrial etc.), xeotérmica (Biblioteca Central, Unidade Administrativa do Campus de Ourense, CACTI, CITEXVI) ou caldeiras de biomasa (gardería do Campus de Ourense). Así tamén se levan feito melloras na eficiencia enerxética dos edificios, como a substitución de lámpadas de incandescencia por outras máis eficientes e de menor consumo, illamento térmico ou substitución de caldeiras.

Táboa 33. Emisións de CO<sub>2</sub> evitadas polos proxectos de eficiencia enerxética. Ano 2008. (GRI EN18)

| <b>Proxecto</b>                      | <b>Campus</b>        | <b>Aforro enerxético (%)</b> | <b>Emisións evitadas (ton CO<sub>2</sub>/ ano)</b> |
|--------------------------------------|----------------------|------------------------------|--|
| Substitución balastros               | Pontevedra e Ourense | 26,7                         | 6.626  |
| Rehabilitación iluminación exterior  | Pontevedra           | N.D.                         | N.D.   |
| Substitución lámpadas                | Vigo cidade          | 38                           | 7,9  |
| Reforma iluminación                  | Vigo                 | 55,06                        | 33   |
| Substitución de caldeiras            | Vigo                 | 22                           | 113  |
| Substitución da cuberta              | Vigo                 | 1,06                         | 4,8  |
| Rehabilitación da envolvente térmica | Vigo                 | N.D.                         | N.D.   |
| Reforma de cuberta                   | Pontevedra           | N.D.                         | N.D.   |
| <b>TOTAL</b>                         |                      |                              | <b>6.784</b>                                       |

N.D. (Non dispoñible)

Os proxectos levaron consigo un investimento de arredor de 900.000 euros, dos que parte foi subvencionada polo instituto enerxético de Galicia (INEGA) (GRI EN30).

En 2011, acometeuse un proxecto de reforma de arranques automáticos da iluminación exterior. Estas melloras realizáronse nos estacionamentos da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, así como do Edificio de Ciencias Experimentais. Con estas modificacións redúcese o consumo eléctrico anual da iluminación de devanditos estacionamentos nun 40%, o que se traduce nun aforro de 15,2 ton de CO<sub>2</sub> menos, emitidas ao ano.

Un dos sete programas xerais do Plan SuMA é o denominado Programa Tp: Transporte. A finalidade deste programa é analizar a mobilidade na Universidade de Vigo e propor accións e medidas de mellora para acadar unha mobilidade cada vez máis sustentable. Neste programa atopamos as seguintes actuacións e estudos realizados:

- Programa de conducción eficiente: organización de cursos gratuítos.
- Móvete no circular: servizo de transporte dentro do propio campus.
- Cheo por favor: promove o uso compartido de coche coa finalidade de reducir o transporte privado.
- Día sen coches: organización de actividades no mes de setembro que pretenden divulgar o concepto de mobilidade sustentable.

Asemade, púxose en marcha unha campaña de doazón de reactivos de laboratorio en desuso. Trátase dun programa de doazón de reactivos entre laboratorios, coa axuda dunha plataforma virtual na web da OMA, mediante a cal as persoas responsables dos laboratorios informan da existencia de reactivos en desuso non caducados, de xeito que outros laboratorios que os precisen os poidan aproveitar. Deste xeito, diminúese a xeración de residuos e a compra de reactivos novos.

Cómpre destacar tamén o labor do Servizo de Xardinería da Universidade. Este servizo segue unha política de conservación dos ecosistemas naturais e da diversidade biolóxica. Ademais, fai un uso moderado, responsable e sustentable dos recursos naturais, reducindo o gasto de recursos e enerxía. Igualmente, trata de favorecer o emprego de materiais reutilizados e reciclados, controlar a contaminación e a produción e xestión de residuos.

Todas estas prácticas e proxectos contribúen de xeito moi positivo de cara a un desenvolvemento máis sustentable, e de forma conxunta, favoreceron unha redución de arredor dun 10% da pegada de carbono e un 17% nas toneladas de CO<sub>2</sub> por persoa.

## 6. Compromiso co alumnado e coa calidade da docencia

### 6.1 Oferta formativa

As universidades teñen a responsabilidade fundamental sobre a calidade dos seus estudos; este elemento representa o factor máis relevante na configuración dun verdadeiro Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). O alumnado é o elemento fundamental e básico da súa actividade. Como grupo de interese interno, a súa participación e o coñecemento das súas necesidades e expectativas é moi importante na mellora da calidade do ensino, así como no funcionamento e eficacia dos centros e titulacións.

A Universidade de Vigo dispón dunha ampla oferta formativa para o seu estudiantado nos tres campus dos que dispón: Pontevedra, Ourense e Vigo. As distintas titulacións impártense nun ou varios deses campus dependendo das necesidades de cada comunidade local.

Durante o curso 2010-2011 estiveron matriculados/as na Universidade de Vigo 22.715 alumnos/as. O Campus de Vigo é o que ten matriculado un maior número de alumnado (62%), seguido do Campus de Ourense (21%) e do Campus de Pontevedra (17%).

Táboa 34. N<sup>o</sup> matrículas

| <i>Campus xenérico da Universidade de Vigo</i> |               | <i>Campus de Ourense</i> |               | <i>Campus de Pontevedra</i> |               | <i>Campus de Vigo</i> |               | <i>Sen asignar</i> |               |
|--|---------------|--------------------------|---------------|-----------------------------|---------------|-----------------------|---------------|--------------------|---------------|
| <i>Home</i>                                    | <i>Muller</i> | <i>Home</i>              | <i>Muller</i> | <i>Home</i>                 | <i>Muller</i> | <i>Home</i>           | <i>Muller</i> | <i>Home</i>        | <i>Muller</i> |
| 329  | 453           | 1.842                    | 2.884         | 1.457                       | 2.310         | 7.182                 | 6.242         | 5                  | 11            |

### Centros por campus e titulacións

A continuación resúmese por campus o total de matriculados/as no curso 2010-2011, así como a evolución respecto do anterior ano académico.

#### Táboa 35. Campus de Ourense

Mapa de situación: <http://vicou.uvigo.es/situacion>

| <b>Centro</b>  | <b>Matrícula</b> | <b>Titulados/as</b> |
|--|------------------|---------------------|
|  | 2010-11          | 2009-10             |
| <i>Escola Superior de Enxeñaría Informática</i>      | 663              | 160                 |
| <i>Escola Universitaria de Enfermaría (adscrito)</i> | 184              | 48                  |
| <i>Facultade de Ciencias</i>                         | 454              | 192                 |
| <i>Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo</i>  | 1.073            | 209                 |
| <i>Facultade de Ciencias da Educación</i>            | 1.552            | 456                 |
| <i>Facultade de Dereito</i>                          | 493              | 81                  |
| <i>Facultade de Historia</i>                         | 132              | 24                  |
| <i>Total</i>   | 4.551            | 1.170               |

#### Táboa 36. Campus de Pontevedra

Mapa de situación: <http://campuspontevedra.uvigo.es/index.php?id=12>

| <b>Centro</b>  | <b>Matrícula</b> | <b>Titulados/as</b> |
|--|------------------|---------------------|
|  | 2010-11          | 2009-10             |
| <i>Centro Universitario de Defensa de Marín (adscrito)</i> | 75               | -                   |
| <i>Escola Universitaria de Enfermaría (adscrito)</i>       | 173              | 48                  |
| <i>Escola de Enxeñaría Forestal</i>                        | 186              | 20                  |
| <i>Facultade de Belas Artes</i>                            | 740              | 149                 |
| <i>Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación</i>     | 890              | 166                 |
| <i>Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte</i>     | 1441             | 410                 |
| <i>Facultade de Fisioterapia</i>                           | 217              | 49                  |
| <i>Total</i>   | 3.722            | 842                 |

## Táboa 37. Campus de Vigo

Mapa de situación: [http://uvigo.es/uvigo\\_gl/conocenos/como\\_chegar/vigo.html](http://uvigo.es/uvigo_gl/conocenos/como_chegar/vigo.html)

| <b>Centro</b>   | <b>Matrícula</b> | <b>Titulados/as</b> |
|---|------------------|---------------------|
|   | 2010-11          | 2009-10             |
| <i>E.U. de Enfermaría - Meixoeiro (adscrito)</i>            | 155              | 51                  |
| <i>E.U. de Enfermaría - Povisa (adscrito)</i>               | 243              | 49                  |
| <i>E.U. de Estudos Empresariais</i>                         | 703              | 168                 |
| <i>E.U. de Maxisterio María Sedes Sapientiae (adscrito)</i> | 469              | 94                  |
| <i>Escola de Negocios Caixanova (adscrito)</i>              | 101              |                     |
| <i>Escola de Enxeñaría Industrial</i>                       | 4467             | 703                 |
| <i>ETS de Enxeñaría de Minas</i>                            | 451              | 63                  |
| <i>Escola de Enxeñaría de Telecomunicación</i>              | 1277             | 195                 |
| <i>Facultade de Bioloxía</i>                                | 580              | 213                 |
| <i>Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais</i>      | 1879             | 247                 |
| <i>Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo</i>        | 1.124            | 173                 |
| <i>Facultade de Ciencias do Mar</i>                         | 368              | 89                  |
| <i>Facultade de Filoloxía e Tradución</i>                   | 1.089            | 176                 |
| <i>Facultade de Química</i>                                 | 215              | 52                  |
| <b>Total</b>  | <b>13.121</b>    | <b>2.273</b>        |

## 6.2 Unha educación de calidade

A Universidade de Vigo ten como un dos seus fins prioritarios “acadar as máximas cotas de calidade da docencia e investigación” (art. 2 pto. 2 dos seus estatutos), en liña co previsto na Lei orgánica de Universidades (LOU) e cos obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior, no que a garantía de calidade se converte nun dos principais eixos de actuación.

O obxectivo central, ademais do compromiso adquirido por esta Universidade, é implantar un sistema de calidade que asegure e posibilite os procesos de mellora continua no eido da docencia, contribuíndo así a garantir a satisfacción de todas as partes interesadas e á eficacia e eficiencia dos recursos dispoñibles.

Este compromiso na procura da excelencia e adecuación constante ás demandas do noso medio social reflíctese na participación desta Universidade, desde o ano 1998, nas distintas convocatorias dos plans nacionais e programas de avaliación e mellora da calidade das universidades, promovidos polo Consello de Universidades e polas axencias de calidade (ANECA e ACSUG).

A Área de Apoio á Docencia e Calidade centraliza e xestiona as actividades ligadas aos programas de formación e calidade no eido docente da Universidade de Vigo. ([http://calidade.uvigo.es/calidade\\_gl/](http://calidade.uvigo.es/calidade_gl/))

Esta área desenvolve, entre outras, as seguintes funcións:

— Xestionar os distintos programas ligados á mellora da calidade da Universidade en distintos ámbitos (centros, titulacións e profesorado).

— Realizar as avaliacións que permitan identificar a súa aplicación e eficacia nos centros e nas titulacións, co obxecto de promover propostas de mellora.

— Apoiar, asesorar e coordinar as diferentes actividades en materia de calidade na institución.

— Promover a creación dunha cultura de calidade na comunidade universitaria que fomente a mellora continua.

O profesorado é unha peza fundamental para a calidade da docencia polo que a Área de Formación e Innovación Educativa ten como principal labor a axuda ao desenvolvemento profesional do docente para que poida facer fronte aos requirimentos e niveis de calidade que esixe o novo Espazo Europeo de Educación Superior.

As principais accións desenvolvidas en 2011 nesta materia distribúense en catro programas:

Programa de formación permanente do profesorado: ese ano académico leváronse a cabo un total de 23 accións formativas nas que participaron 545 docentes. A distribución por campus foi a seguinte:

*Táboa 38. Participación nas accións formativas para profesores/as*

| <i>Campus</i>               | <i>Nº de accións formativas</i> | <i>Nº de participantes</i> |
|-----------------------------|---------------------------------|----------------------------|
| <i>Campus de Ourense</i>    | <i>7</i>                        | <i>155</i>                 |
| <i>Campus de Pontevedra</i> | <i>3</i>                        | <i>65</i>                  |
| <i>Campus de Vigo</i>       | <i>13</i>                       | <i>325</i>                 |

2. Programa de formación do novo profesorado: Neste ano leváronse a cabo un total de sete accións formativas nas que participaron 150 docentes.
3. Xornada de innovación educativa: Cada ano esta área organiza unha xornada para impulsar o intercambio de experiencias innovadoras entre o profesorado universitario. A ela poden acudir docentes galegos, españois e portugueses. No 2011 matriculáronse máis de 300 persoas.

4. Proxectos de Innovación Educativa: Teñen como obxectivo apoiar proxectos encamiñados ao deseño e implantación de accións de innovación educativa na docencia da Universidade de Vigo coa pretensión de fomentar a aplicación práctica das innovacións desenvolvidas e a súa transferencia non só á docencia do profesorado involucrado directamente, senón tamén ao de toda a Universidade.

Este ano fíxose a segunda convocatoria na que saíron seleccionados catro proxectos.

O Sistema de garantía interna de calidade (SGIC) da Universidade de Vigo ten como obxectivo xestionar de forma sistemática e estruturada a calidade dos centros e títulos cunha orientación cara a mellora continua.

A implantación dun sistema de garantía de calidade é unha ferramenta estratéxica básica para acadar unha mellora continua dos centros e das titulacións oficiais. Todos os centros da institución (proprios e adscritos) se incorporaron ao programa de calidade denominado AUDIT-FIDES que marca as esixencias en materia de xestión de calidade para centros e titulacións.

[http://calidade.uvigo.es/calidade\\_gl/centros/sgic/fides/resultados/](http://calidade.uvigo.es/calidade_gl/centros/sgic/fides/resultados/)

Asemade, a Universidade de Vigo ten en vigor un Programa de seguimento de títulos oficiais a fin de realizar un seguimento e acreditación das súas titulacións oficiais a través da ACSUG (Acreditación da Calidade do Sistema Universitario Galego).

### **Enquisas de avaliación (GRI PR5).**

A enquisa de avaliación docente (EAD) constitúe o instrumento no que se concreta o artigo 97.c dos Estatutos da Universidade de Vigo: “Valoración obxectiva dos estudantes sobre a docencia recibida, especificada por materia e profesor, realizada con garantías técnicas suficientes”. Trátase dunha das modalidades de comunicación entre profesorado e alumnado que procura, como un dos seus obxectivos centrais, a mellora da docencia permitíndolle ao profesorado coñecer a opinión do estudantado sobre o seu labor docente.

Mediante este procedemento o alumnado expón, a través dunha enquisa, a súa opinión sobre a calidade da docencia que recibe, tanto no relativo ao contido das materias como ao labor do profesorado. Esta é unha ferramenta imprescindible para coñecer a opinión do alumnado e profesorado das titulacións oficiais. Na actualidade, a EAD intégrase dentro do Plan de calidade docente. No ano 2011, a participación do alumnado foi do 16,70% dos/as matriculados/as, cubrindo o cuestionario un 19,64% de alumnas e un 12,83% de alumnos.

O procedemento de Valoración da actividade docente do profesorado (VAD), incluído tamén no Plan de calidade docente da Universidade de Vigo, pretende obter datos cara a valorar o conxunto das tarefas desenvolvidas polo profesorado no ámbito da docencia. A información recollida serve para favorecer a implantación e extensión nos centros e departamentos do seguimento, control e avaliación das tarefas docentes e, finalmente, para procurar achegas económicas adicionais (que se recollen nos orzamentos da Universidade de Vigo) para a posta en marcha de iniciativas de autoavaliación, formación, organización, mellora e innovación docente.

No ano 2011 a participación do profesorado nesta enquisa acadou un total do 36,76% que, estruturada por sexo, foi dun 41,29% das mulleres e dun 33,37% dos homes.



## Programa Docentia

A Universidade de Vigo está en proceso de implantación do Programa Docentia, respondendo deste xeito á directriz sinalada e aos requisitos recollidos na Lei Orgánica de Universidades (LOU), sobre a obrigatoriedade da avaliación das actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado universitario (estas competencias están recollidas a súa vez no artigo 97 dos Estatutos desta Universidade).

Con este programa esta institución pretende, entre outras finalidades, obter información contrastada e normalizada sobre os labores de planificación, desenvolvemento e resultados docentes de cara á recoñecer as melloras precisas na docencia e na formación do profesorado. A finalidade é garantir a calidade docente do profesorado e favorecer o seu desenvolvemento e recoñecemento mediante a súa avaliación externa.

No curso 2010-2011 non se fixo a convocatoria do Programa Docentia posto que se fixo no 2009-2010 de xeito experimental. A falta de convocatoria deste ano forma parte da maduración da posta en marcha do programa.

### *6.3 Outras accións e medios en favor da calidade da formación*

A Universidade de Vigo pon a disposición de toda a comunidade universitaria unha serie de servizos de apoio común á formación e á investigación, como elementos que incrementan a calidade dos seus servizos. Algúns destes servizos, medios e instalacións, están abertos igualmente á sociedade en xeral.

Esta institución conta en cada un dos seus campus cunha biblioteca central e varias salas repartidas nas escolas e facultades que a compoñen. En xaneiro de 2007 a biblioteca universitaria recibiu a certificación de calidade ISO: 9000, confirmando os máximos estándares no nivel da prestación do servizo.

No seu esforzo por tratar de coñecer mellor a opinión e o grao de satisfacción dos seus usuarios, a biblioteca da Universidade de Vigo puxo en marcha o proxecto PREME (unha pregunta cada mes). PREME dá nome ao conxunto de enquisas dixitais concibido para captar de forma áxil e sinxela o nivel satisfacción dos usuarios coa biblioteca.

As novas tecnoloxías tamén están presentes na biblioteca universitaria, que dispón dun *blog* a través do que se informa á comunidade universitaria en xeral, e aos/ás usuarios/as da biblioteca en particular, de todas as novidades relativas ao servizo bibliotecario.

<http://www.blogdabiblio.es/default.aspx>

O Plan operativo de xestión recolle a necesidade de mellorar e intensificar a aplicación das TIC para avanzar cara á plena implantación da universidade dixital como un obxectivo fundamental. As novas tecnoloxías contan cun alto grao de implantación na Universidade de Vigo, que pon a disposición do seu alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos un bo número de servizos virtuais, coa finalidade de facilitar trámites ou simplemente achegarse dun modo sinxelo aos/ás usuarios/as.

Ademais, a Universidade conta cun diario dixital, o DUVI, que permite manter informada á comunidade universitaria de todo o que sucede nos tres campus.

A aula virtual Bubela funciona como unha plataforma de xestión académica en liña para administrar ou dirixir os diferentes cursos que se poñen a disposición da comunidade universitaria, e aos que se pode acceder a través de internet. Son funcións desta plataforma a posibilidade de ver, acceder e realizar a preinscrición ou a matrícula en calquera dos cursos ofertados.

A plataforma FaiTIC desenvolve un servizo de teledocencia complementario aos sistemas tradicionais de docencia presencial. Este servizo preséntase ademais como unha ferramenta útil para afrontar os retos que supón a converxencia co Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) e o uso das novas tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) na docencia universitaria.

O Servizo de Publicacións ten como funcións principais a edición, difusión e intercambio do traballo investigador realizado na Universidade e doutras obras de interese cultural e científico, polo que a súa importancia como servizo de apoio e difusión da formación e investigación resulta evidente. Desde a súa fundación en 1993, o Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo publicou máis de 200 títulos.

A Área de Normalización Lingüística pon ao servizo da comunidade universitaria asesoramento no uso da lingua galega para calquera acción vinculada á formación e á investigación na Universidade, se ben as súas accións baséanse na transversalidade no conxunto da vida universitaria.

### **Bolsas e axudas**

Os nosos estudantes poden acceder a diferentes bolsas e axudas, tanto do Ministerio de Educación como da Xunta de Galicia, ou ás bolsas propias da Universidade de Vigo. O seu número e importe xa foi presentado no apartado 4.4 desta memoria.

### **Prácticas preprofesionais**

Para facilitar a inserción laboral, facilítase a realización de prácticas preprofesionais, ben a través dos plans de estudo das titulación e do *practicum*, ou ben por medio da Fundación Universidade de Vigo.


O número de prácticas profesionais da Universidade de Vigo durante o 2011 foi de 2.330, distribuídas por campus do seguinte xeito:

*Táboa 39. Prácticas por campus*

| <i>CAMPUS</i>               | <i>Nº TOTAL DE BOLSEIROS/AS</i> |
|-----------------------------|---------------------------------|
| <i>Campus de Vigo</i>       | <i>1.113</i>                    |
| <i>Campus de Pontevedra</i> | <i>504</i>                      |
| <i>Campus de Ourense</i>    | <i>713</i>                      |
| <i>TOTAL</i>                | <i>2.330</i>                    |

Figura 6. Distribución de prácticas por campus

Bolseiros por campus




Táboa 40. Prácticas por ámbito

| ÁMBITO                    | Nº TOTAL DE ESTUDANTADO SELECCIONADO |
|---------------------------|--------------------------------------|
| Ciencias Experimentais    | 802                                  |
| Ciencias Humanas          | 56                                   |
| Ciencias Xurídico-Sociais | 1.091                                |
| Tecnolóxico               | 381                                  |
| TOTAL                     | 2.330                                |

Figura 7. Distribución de prácticas por ámbito

Bolseiro por ámbito



### **Premios fin de carreira**

Co obxectivo de distinguir os/as alumnos/as que destacaron durante os seus estudos, a Universidade concédelles un premio como recoñecemento ao seu esforzo, dedicación e resultados.

No curso 2011-2012, a Xunta de Galicia, galardoou a Universidade de Vigo con 22 premios aos mellores expedientes académicos da comunidade galega (26 para a Universidade de Santiago de Compostela e 12 para a Universidade da Coruña). 17 deses premios foron para alumnas e 5 para alumnos.

### **Programas de intercambio**

Fomentar a mobilidade do alumnado propio e a acollida de estudantado estranxeiro supón un obxectivo fundamental para a Universidade de Vigo na súa aposta pola formación integral, a internacionalización e a proxección exterior da propia institución.

En concreto, 482 estudantes propios participaron en programas de intercambio no estranxeiro ao longo do curso académico 2010-2011. Por outra banda, 402 estudantes estranxeiros desprazáronse ata os campus da nosa universidade durante todo ou parte dese curso académico.

A Oficina de Relacións Internacionais (ORI) é a encargada de coordinar, centralizar e xestionar todas as actividades internacionais que se desenvolven na Universidade. Promóvese a internacionalización do alumnado, facilitando o intercambio de experiencias entre estudantes, en especial no marco dos programas Erasmus, ISEP, bolsas MAE e outras bolsas propias da Universidade de Vigo.

Desde a ORI tamén se puxo en marcha o programa Tándem de conversa consistente en poñer en contacto os/as alumnos/as da Universidade interesados/as en aprender outro idioma ou mellorar o seu nivel e que, ao mesmo tempo, poidan ensinar galego, castelán e outros idiomas que dominan aos/ás estranxeiros/as que cursan estudos na Universidade de Vigo.

### **Integración laboral**

Facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado supón unha parte fundamental da nosa responsabilidade social e a materialización máis evidente da nosa achega e creación de valor a través da formación.

Conscientes da súa importancia, o Plan estratéxico para o período 2008-2012 contempla baixo o obxectivo xeral de completar a formación do estudantado con prácticas en empresas e outras organizacións e institucións, o desenvolvemento de accións para incrementar as ofertas destas prácticas empresariais nas diferentes titulacións.

As prácticas, tratadas anteriormente neste apartado, teñen como finalidade introducir ao estudantado nas áreas operativas de empresas e outras institucións. O obxectivo é acadar profesionais cunha visión práctica dos problemas e preparar a súa futura incorporación ao mercado laboral.

### **Fundación Universidade de Vigo**

A Fundación Universidade de Vigo (FUVI) (<http://www.fundacionuvigo.es>) é unha entidade dotada de persoal técnico que ten, entre as principais áreas de actuación, a xestión e seguimento das prácticas académicas externas extracurriculares do estudantado, o asesoramento a emprendedores/as e o fomento do programa de iniciativas de emprego de base tecnolóxica. Desde a FUVI trabállase para fortalecer un servizo integral de información, orientación e formación no ámbito da busca activa de traballo e fomento das oportunidades de achegamento ao exercicio profesional do alumnado como parte da responsabilidade social da Universidade de Vigo.

As súas principais áreas de actuación son a xestión de ofertas de traballo, a difusión e xestión de bolsas para a realización de prácticas en empresas ou institucións, o asesoramento a emprendedores/as e a realización de actividades formativas non regradas e complementarias da Universidade de Vigo.

Con este obxectivo desde a Fundación Universidade de Vigo desenvóléronse durante o ano 2011 tres proxectos de emprendemento: o proxecto INCUVI, o proxecto europeo BIOEMPRENDE (<http://www.bioemprende.eu/>) e a participación na rede Incuba (<http://www.uninova.org/es/lector.asp?id=95>).

Esta fundación asinou durante o curso académico 2010-2011, 264 novos convenios con empresas e institucións para a realización de prácticas dos seus alumnos. Ademais das prácticas curriculares xestionadas desde os centros e mestrados, os/as alumnos/as da Universidade de Vigo realizaron 1.055 prácticas académicas externas extracurriculares xestionadas pola FUVI, das cales 689 foron remuneradas e 366 foron non remuneradas.

A suma das prácticas xestionadas pola FUVI, e as xestionadas polos centros (*practicum* e outros) suman un total de 2.330 prácticas, comentadas no apartado de prácticas preprofesionais desta memoria.

Como servizo adicional e desde o mes de setembro de 2011, a Fundación Universidade de Vigo, a través da Área de Emprego, está a xestionar e tramitar ofertas de emprego nos tres campus universitarios, en colaboración co Servizo Galego de Colocación.

Outro dos eixos de actuación centrais da FUVI é o ensino de linguas modernas a través do Centro de Linguas. Para a Universidade de Vigo o coñecemento de idiomas representa un aspecto complementario da formación de incuestionable importancia. O Centro de Linguas acredita o programa das distintas linguas e niveis.

No curso 2010-2011, o número de estudantes matriculados/as neste centro distribuíronse do seguinte xeito: 1.218 nos cursos cuatrimestrais; 568 nos cursos de verán; e 189 en exames de acreditación de niveis B1/B2/C1 e exame DELE. En total, 1.975 estudantes matriculados/as no curso 2011-2012.

Por outra banda, esta fundación é membro da Asociación de Centros de Linguas en Ensinanza Superior (ACLES) e de CERCLES (European Confederation of Language Centres in Higher Education). Ademais xestiona, entre outros, o programa para a realización de estudos e cátedras institucionais, o curso SOA do Carnegie Mellon, e outros convenios específicos.

### **Eures Transfronteirizo (Eures-T)**

Os servizos europeos de emprego teñen unha figura, a do conselleiro Eures Transfronteirizo, especializado na mobilidade laboral no seo da Unión Europea e, particularmente, na mobilidade laboral transfronteiriza.

A Universidade de Vigo é a única Universidade española que conta con esta figura, financiada e homologada pola Unión Europea, para asesorar o estudantado e elaborar documentos de traballo en cooperación cos axentes sociais de Galicia e Portugal, fundamentalmente.

### **Vicerreitoría de Extensión Universitaria**

Como complemento aos anteriores medios postos ao servizo do noso alumnado, a Universidade de Vigo, a través da Vicerreitoría de Extensión Universitaria, pon ao seu dispor unha serie de medios adicionais coa vocación de incrementar a súa formación integral. Por tal motivo convoca anualmente unha serie de cursos para o estudantado como formación complementaria ás súas propias disciplinas ou para ampliar coñecementos a nivel xeral sobre diversas temáticas. Asemade, proporciónaselle un conxunto de infraestruturas e servizos destinados a potenciar a súa formación a niveis alén do estritamente académico e cunha clara proxección da universidade na vida social, cultural e deportiva.

## 7. Empregados da Universidade de Vigo

### 7.1 Cadro de persoal (GRI LA 2)

Constituído como un dos nosos grupos de interese prioritarios, o persoal da Universidade de Vigo está composto por persoal docente e investigador (PDI) e persoal de administración e servizos (PAS), seguindo a clasificación habitual das universidades públicas.

#### Profesorado (GRI LA1)

No ano 2011, un total de 1.724 profesores/as desempeñaron as súas tarefas docentes nos distintos campus e centros da Universidade de Vigo: 1.057 son homes, 667 son mulleres e 1.151 traballan a tempo completo e 573 a tempo parcial.

Táboa 42. Persoal PDI da Universidade de Vigo desagregado por categoría profesional.

| PDI                          | SEXO        |            | Total       |
|------------------------------|-------------|------------|-------------|
|                              | H           | M          |             |
| <b>Categoría e adicación</b> |             |            |             |
| Asociado                     | 309         | 142        | 451         |
| Completo                     | 2           | 4          | 6           |
| Parcial                      | 307         | 138        | 445         |
| Axudante                     | 29          | 21         | 50          |
| Completo                     | 29          | 20         | 49          |
| Parcial                      |             | 1          | 1           |
| Catedrático Escola           | 18          | 11         | 29          |
| Completo                     | 18          | 11         | 29          |
| Catedrático Universidade     | 115         | 37         | 152         |
| Completo                     | 113         | 37         | 150         |
| Parcial                      | 2           |            | 2           |
| Contratado interino          | 37          | 83         | 120         |
| Completo                     | 2           | 4          | 6           |
| Parcial                      | 35          | 79         | 114         |
| Contratado doutor            | 111         | 103        | 214         |
| Completo                     | 110         | 103        | 213         |
| Parcial                      | 1           |            | 1           |
| Emérito                      | 4           |            | 4           |
| Completo                     | 4           |            | 4           |
| Lector                       | 3           | 5          | 8           |
| Completo                     | 1           | 1          | 2           |
| Parcial                      | 2           | 4          | 6           |
| Mestre de taller             | 1           |            | 1           |
| Completo                     | 1           |            | 1           |
| Profesor relixión            | 2           |            | 2           |
| Completo                     | 2           |            | 2           |
| Titular Escola               | 82          | 47         | 129         |
| Completo                     | 80          | 46         | 126         |
| Parcial                      | 2           | 1          | 3           |
| Titular Universidade         | 346         | 218        | 564         |
| Completo                     | 345         | 218        | 563         |
| Parcial                      | 1           |            | 1           |
| <b>Total xeral</b>           | <b>1057</b> | <b>667</b> | <b>1724</b> |

Táboa 43. Persoal PDI da Universidade de Vigo desagregado por tramos de idade

| <b>PDI</b>          | <b>SEXO</b> |            | <b>Total</b> |
|---------------------|-------------|------------|--------------|
|                     | <b>H</b>    | <b>M</b>   |              |
| <b>Tramos idade</b> |             |            |              |
| 20-29               | 12          | 23         | 35           |
| 30-39               | 172         | 185        | 357          |
| 40-49               | 467         | 281        | 748          |
| 50-59               | 269         | 133        | 402          |
| ≥ 60                | 137         | 45         | 182          |
| <b>Total xeral</b>  | <b>1057</b> | <b>667</b> | <b>1724</b>  |

### Persoal investigador

Durante o ano 2011 foron contratados 207 investigadores/as predoutorais pola Universidade de Vigo (nos programas nacionais: 48 FPI + 63 FPU; autonómicos: 38; e propios da Universidade: 58)

O total dos investigadores/as contratados/as existentes en 2011 na institución ascenden a 717. A distribución por xénero e idade se detalla a continuación.

Táboa 44. Investigadores/as contratados/as na Universidade de Vigo desagregados/as por sexo e idade.

| <b>INVESTIGADORES/AS<br/>CONTRATADOS/AS</b> | <b>SEXO</b> |            | <b>Total</b> |
|---|-------------|------------|--------------|
|   | <b>H</b>    | <b>M</b>   |              |
| <b>Tramos idade</b>                         |             |            |              |
| 20-29                                       | 142         | 183        | 325          |
| 30-39                                       | 178         | 160        | 338          |
| 40-49                                       | 22          | 26         | 48           |
| 50-59                                       | 2           | 4          | 6            |
| <b>Total xeral</b>                          | <b>344</b>  | <b>373</b> | <b>717</b>   |

### Persoal de administración e servizos (PAS)

O labor docente, de investigación e de transferencia, require incorporar persoal de administración e servizos, que posibilita que tanto o alumnado coma o persoal docente e investigador poidan ser xeradores de valor engadido para a sociedade. Xa que logo, entendemos fundamental a calidade do traballo desenvolvido polo PAS e o fomento da súa promoción e formación tanto a nivel persoal coma profesional.

A Universidade de Vigo contou en 2011 con 743 persoas que conformaron o cadro de persoal do PAS, distribuído por categoría profesional e sexo da seguinte maneira:

Táboa 45. PAS da Universidade de Vigo desgregados por tipo de vinculación e sexo.

| <b>PAS</b>                | <b>SEXO</b> |            | <b>Total</b> |
|---------------------------|-------------|------------|--------------|
|                           | <b>H</b>    | <b>M</b>   |              |
| <b>Tipo e vinculación</b> |             |            |              |
| <i>Funcionario</i>        | 88          | 315        | <b>403</b>   |
| <i>Fixo</i>               | 79          | 266        | <b>345</b>   |
| <i>Contratado</i>         | 9           | 49         | <b>58</b>    |
| <i>Laboral</i>            | 205         | 135        | <b>340</b>   |
| <i>Fixo</i>               | 163         | 102        | <b>265</b>   |
| <i>Contratado</i>         | 42          | 33         | <b>75</b>    |
| <b>Total xeral</b>        | <b>293</b>  | <b>450</b> | <b>743</b>   |

| <b>PAS</b>         | <b>SEXO</b> |            | <b>Total</b> |
|--------------------|-------------|------------|--------------|
|                    | <b>H</b>    | <b>M</b>   |              |
| <b>Tamos idade</b> |             |            |              |
| 20-29              | 6           | 2          | <b>8</b>     |
| 30-39              | 69          | 79         | <b>148</b>   |
| 40-49              | 146         | 258        | <b>404</b>   |
| 50-59              | 63          | 94         | <b>157</b>   |
| ≥ 60               | 9           | 17         | <b>26</b>    |
| <b>Total xeral</b> | <b>293</b>  | <b>450</b> | <b>743</b>   |

### Enquisa de avaliación da satisfacción do PAS

A Universidade de Vigo, a través do Plan estratéxico 2008-2012, comprometeuse a realizar, con carácter periódico, unha enquisa de clima laboral e publicar os seus resultados, para a consecución do obxectivo estratéxico 6.2.1 “formular unha política de recursos humanos que asegure, a un custo razoable, a suficiencia de persoal competente, motivado e comprometido coa misión da Universidade de Vigo”.

Para dar resposta a esta esixencia, púxose en marcha a enquisa de avaliación da satisfacción do PAS. Tal esixencia está contemplada por unha parte no Sistema de garantía interna de calidade dos centros, e por outra, no Plan operativo de xestión e no Plan Avante (plan de calidade no ámbito de xestión).

Os resultados máis salientables da enquisa de satisfacción dos PAS do ano 2011 son os que seguen:

O 52% do persoal manifesta estar algo, moi ou totalmente satisfeito en termos xerais co seu traballo, fronte ao 32 % que afirma o contrario.



A media global de satisfacción do persoal de administración e servizos co clima laboral é de 3,94 (nunha escala de 1 a 7). O perfil de satisfacción xeral é semellante nos tres campus, tendo un resultado lixeiramente superior no Campus de Ourense e lixeiramente inferior no Campus de Pontevedra, sobre todo nos apartados correspondentes a formación, información dispoñible e traballo en equipo.

O aspecto mellor valorado é a facilidade para expresar opinións (4,95), seguido da idoneidade de espazos e recursos (4,20), e da capacidade do responsable no que respecta ao seguimento das tarefas realizadas (4,13).

A peor puntuación corresponde á formación recibida (3,37), a continuación a repartición de traballo (3,64), a definición de funcións e responsabilidades (3,66), a calidade da información (3,68), o traballo en equipo (3,83) e a implicación na mellora (3,98)

## 7.2 Formación, saúde e seguridade no traballo

### Formación do persoal docente

Na nosa institución somos conscientes de que acadar a excelencia formativa do noso alumnado esixe mellorar a calidade do noso profesorado. A formación do profesorado permite actualizar e ampliar coñecementos en relación ás diferentes disciplinas e especialidades ou achegarse a temas de interese xeral do sector educativo superior. A execución destes programas e actividades formativas achégannos á excelencia docente e supoñen unha garantía de calidade para o estudiantado.

Dependente da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade, a Área de Formación e Innovación Educativa traballou durante 2011 no desenvolvemento dos seguintes programas de formación de profesorado:

- Programa de formación permanente do profesorado
- Programa de formación do novo profesorado

Táboa 46. Formación realizada do PDI desgregado por sexos (GRI LA10)

|  |        |
|--|--------|
| <i>Nº cursos</i>                                 | 64     |
| <i>Nº horas de formación impartidas</i>          | 1.193  |
| <i>Nº asistentes</i>                             | 1.256  |
| <i>Nº mulleres</i>                               | 679    |
| <i>Nº homes</i>                                  | 577    |
| <i>Total horas recibidas</i>                     | 24.978 |
| <i>Total PDI</i>                                 | 1.724  |
| <i>Media (horas recibidas/total persoal PDI)</i> | 14,49  |

Desde esta institución non só apostamos pola mobilidade do noso alumnado e a acollida de estudantes estranxeiros, senón que cremos que a mobilidade e internacionalización do noso persoal a través de diferentes programas nos achega ao obxectivo de calidade e excelencia académica. Os intercambios de persoal docente e investigador (PDI), con estadías de ata seis meses de duración, teñen por obxecto o desenvolvemento de diversos proxectos comúns con outras universidades ou institucións.

Durante o curso 2010-2011, un total de 53 docentes participaron en programas de mobilidade europea de carácter docente, sendo Alemaña, Gran Bretaña, Portugal, Italia e Francia os desprazamentos máis realizados.

Ademais da existencia de programas que teñen como destino a Unión Europea, EE.UU. ou Canadá, o noso PDI pode participar en accións de cooperación interuniversitaria ou no programa Jean Monnet, destinado ao desenvolvemento no mundo universitario de actividades académicas relacionadas coa integración europea, o estudo da construción da Europa comunitaria e o seu desenvolvemento institucional, político, económico e social.

Cabe salientar outros programas como o LLP-Erasmus, o Atlantis (EE.UU.), e os programas europeos Tempus ou Alfa, destinados a fomentar a cooperación entre institucións de ensino superior de doutros países e Europa.

### **Formación do PAS**

O artigo 115 dos Estatutos afirma que “garantirá a formación permanente do persoal de administración e servizos que permita a súa adecuación técnica, promoción e especialización”. O propio Plan estratéxico da Universidade, que establece as metas e obxectivos que se deberán implantar durante o período 2008-2012, nun dos seus nove plans -concretamente no Plan operativo de xestión- recolle como meta estratéxica establecer unha política integral de persoal. Con este fin diseña diferentes accións co denominador común de posibilitar a capacitación e o desenvolvemento persoal e profesional.

O persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo que desexe ampliar a súa formación no estranxeiro, pode optar ás axudas financeiras de mobilidade de PAS a institucións de ensino superior. Estas insírense no marco do programa Erasmus-STT, co que se pretende fomentar a formación do persoal e a internacionalización da institución.

O PAS da Universidade que participou no programa de intercambio internacional en 2011 foi de cinco homes e cinco mulleres. A Alemaña fóronse dous, a Austria dous, a Bélxica un, a Islandia un, e tres a Italia e un a Polonia.

Pola súa banda, o programa Stella ofrece oportunidades de mobilidade ao persoal de administración e servizos, ao fomentar estadias de traballo dunha semana de duración en universidades pertencentes ao Grupo Compostela.

### **Saúde e seguridade no traballo**


A prevención de riscos laborais é unha esixencia legal, social e ética que ten que incorporarse a unha universidade moderna e con proxección de futuro como un elemento máis da mellora da súa organización. A misión do Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) é promover unha cultura preventiva dentro da universidade cara a conseguir un medio de traballo seguro e agradable.

Respecto ao rexistro de enfermidades profesionais, o número de expedientes abertos por esta causa en 2011 foi de 1 (GRI LA7)

#### *Táboa 47. Accidentes laborais segundo o sexo*

| <b>Número de accidentes laborais. Ano 2011</b> |                  |
|--|------------------|
| <i>Muller</i>                                  | <i>24</i>        |
| <i>Home</i>                                    | <i>15</i>        |
| <b><i>Total</i></b>                            | <b><i>39</i></b> |

Figura 8. Distribución de accidentes segundo o sexo



En cumprimento da Lei de prevención de riscos laborais, Lei 31/1995 do 8 de novembro, e en concreto do seu artigo 19 de formación dos traballadores, o SPRL, durante o ano 2011, realizou os cursos en materia de prevención de riscos que a continuación se detallan:

Táboa 48. Formación impartida en materia de riscos laborais. Ano 2011(GRI LA8)

| CAMPUS     | NÚMERO DE EDICIÓNS | HORAS | ASISTENTES |
|------------|--------------------|-------|------------|
| Ourense    | 5                  | 59    | 33         |
| Pontevedra | 1                  | 12    | 7          |
| Vigo       | 15                 | 216   | 108        |
| TOTAIS     | 21                 | 287   | 148        |

Ademais, impartíronse un total de 13 cursos de formación en liña nos que se inscribiron 186 persoas.

Asemade, nos centros da Universidade de Vigo desenvolven a súa actividade profesional traballadores e traballadoras pertencentes a empresas alleas. Atendendo ao mandato da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, e ao Real decreto 171/2004, é necesario coordinar as actividades, de xeito que non xeren riscos para a seguridade e saúde nos centros ou lugares de traballo nos que exista concorrencia de actividades empresariais. O Servizo de Prevención realiza a coordinación de acordo co procedemento que o propio servizo elaborou no ano 2005, modificado no ano 2006 (PPRL 02-05).

Desde o Servizo de Prevención propio coordínanse as actividades de vixilancia da saúde co servizo de prevención alleo. O SPRL propio recibe o certificado de aptitude correspondente e coordina a realización dos recoñecementos médicos periódicos dos tres campus.

## Conciliación da vida profesional e familiar

Para conciliar a vida laboral coa familiar o persoal da Universidade de Vigo dispón do servizo Campus Camp durante o período estival. Este servizo ofrece atención lúdico-educativa aos cativos maiores de tres anos. No ano 2011 asistiron ás actividades do Campus Camp un total de 198 rapaces/as.

### 7.3. Igualdade de oportunidades e participación nos órganos de goberno

O compromiso coa igualdade está establecido nos Estatutos da Universidade de Vigo e faise explícito na propia misión da Universidade de Vigo que quedou plasmada no Plan estratéxico 2008-2012: A Universidade de Vigo é unha institución pública, autónoma, aberta ao contorno e con vocación internacional, comprometida coa igualdade e co progreso económico e o benestar social de Galicia, mediante unha ensinanza e unha investigación de calidade coas que contribuír á creación e á transferencia de coñecemento, á formación integral das persoas, ao desenvolvemento científico e tecnolóxico, á innovación e ao crecemento intelectual da sociedade pluricultural e plurilingüe na que se insire.

O artigo 3 refire textualmente que a Universidade de Vigo asume tamén o compromiso de detectar, diagnosticar e contribuír á solución dos problemas existentes nas sociedades contemporáneas, e de promover políticas activas de igualdade e promoción social.

No Plan estratéxico faise explícito o compromiso coa igualdade: Unha Universidade comprometida coa igualdade, cunha cultura organizativa vertebradora e con sistemas de xestión flexibles e eficaces. Para ir na procura deste obxectivo, a Universidade de Vigo realizou un Informe de diagnose da igualdade na Universidade de Vigo (obxectivo 6.1.1. do Plan estratéxico) como primeiro paso cara á redacción do I Plan de igualdade (obxectivo 6.1.2 do mesmo plan).

Pola súa banda, a Unidade de Igualdade comezou o curso 2010-2011 presentando o Informe de diagnose da igualdade na Universidade de Vigo. As principais actividades desenvolvidas no curso 2010-2011 por parte da Unidade de Igualdade foron:

- Co gallo do Día Internacional da Muller, organizáronse diversas actividades nos tres campus, sendo a presentación do documental Digna Rabia e posterior coloquio a principal actividade.
- Asistencia da directora da Unidade de Igualdade ao IV Encontro de unidades de igualdade, oficinas e observatorios de igualdade das universidades españolas.
- Colaboración da Unidade de Igualdade no Festival Sinsal Illa de San Simón coa presentación dos traballos das alumnas da Facultade de Belas Artes. O festival tivo lugar durante todo o día na Illa de San Simón e o público asistente, máis de 400 persoas, puido escoitar a artistas maioritariamente femininas como a coruñesa Jane Joyd, as viguesas BFlecha e Murmel, a francesa Laetitia Velma ou as arxentinas The Kellies. A comunidade universitaria gozaba dun desconto do 25% no prezo da entrada. Por pedimento da Unidade de Igualdade aprobouse na comisión de formación unha acción formativa para todo o persoal de administración e servizos sobre o uso dunha linguaxe non sexista.
- A devandita acción formativa titulada Técnicas para evitar o sexismo lingüístico no ámbito administrativo: lingua escrita, de catro horas de duración, comezouse a impartir en colaboración co Servizo de Persoal de Administración e Servizos, neste ano académico 2010-2011 tendo a súa continuación no vindeiro curso. Ata o momento recibiron a acción formativa un total de 250 persoas.
- En colaboración coa Área de Innovación Educativa, a Unidade de Igualdade organizou dentro do Programa de formación permanente do profesorado o curso para PDI, Como deseñar contornas virtuais non sexistas para a aprendizaxe universitaria, impartido por docentes da Universidade de Sevilla os días 29 e 30 de xuño nas súas sesións presenciais. Ao curso asistiron 15 profesoras da Universidade de Vigo.

— Exposición Dependencias mutuas. Empregadas do fogar e crises dos coidados, onde a Unidade de Igualdade participou en colaboración co Concello de Ourense. A exposición mostra un conxunto de traballos de distintas artistas seleccionadas atendendo á necesidade de pór os coidados no centro das análises sociais, políticas e económicas. A exposición foi visitada por unhas 200 persoas.

— Mediante a resolución reitoral do 30/05/2011 procedeuse á convocatoria de axudas para a organización de conferencias, xornadas ou actividades para impulsar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na Universidade de Vigo. Foron aprobados axudas por importe total de 20.000 euros para diversos actos que se desenvolverán durante o primeiro cuadrimestre do vindeiro ano académico.

A Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo constitúese como un órgano colexiado encargado de apoiar e asesorar todos os órganos de goberno e de representación da Universidade de Vigo en materia de igualdade. Nestes momentos está en proceso de aprobación o I plan de igualdade da Universidade de Vigo que se elaborou despois de ter realizado a súa diagnose de igualdade no ano 2010 e que permitiu coñecer a situación concreta da igualdade nesta universidade e proporciona as claves para definir os eixes e os obxectivos do plan.

A guía principal deste plan é a incorporación da transversalidade de xénero que permitirá descubrir as novas formas de discriminación e avanzar na igualdade. A transversalidade de xénero supón dirixir accións a todo o campo de actuación da institución e a todos os colectivos que a compoñen. A implicación de toda a comunidade universitaria e a súa participación activa en todas as súas fases é unha garantía de democracia, de calidade e de éxito.

### **Retribucións Salariais**

Os/As empregados/as da Universidade de Vigo están cubertos por un convenio colectivo (persoal laboral), ou ben son funcionarios/as públicos/as. Formalmente, non existen diferenzas salariais por razóns de xénero, debido a que se trata dunha institución pública, onde a retribución se atopa regulada. Os salarios dos/as empregados/as públicos/as fíxanse legalmente cada ano. As retribucións publícanse, con carácter xeral, nos presupostos xerais do Estado e os presupostos da Comunidade Autónoma. No caso particular dos PDI e PAS laboral, estes réxense polos seus respectivos convenios colectivos (GRI LA 14).

### **Análise da composición dos órganos de goberno corporativo (GRI LA13)**

*Táboa 49. Composición do Claustro Universitario segundo o sexo*

---

*Sector estudantes: 40 homes e 23 mulleres*

*Sector PAS : 15 homes e 11 mulleres*

*Sector PDI-A (profesorado con vinculación permanente): 72 homes e 57 mulleres*

*Sector PDI-B (outro persoal docente investigador): 13 homes e 11 mulleres*

---

*Táboa 50. Composición da Mesa do Claustro Universitario segundo o sexo*

---

*Presidente: (reitor) 1 home*

*Secretaría: (secretaría xeral da Universidade de Vigo) 1 muller*

*Profesorado con vinculación permanente (PDI-A): 2 mulleres*

*Outro persoal docente e investigador (PDI-B): 2 mulleres*

*PAS: 2 homes*

*Estudantes: 2 homes*

---

*Táboa 51. Composición da Comisión Electoral segundo o sexo*

|   |
|---|
| <i>Presidente/a: 1 home</i>   |
| <i>Secretario/a ( secretaria/a xeral da Universidade de Vigo): 1 muller</i> |
| <i>Profesorado con vinculación permanente (PDI-A): 1 home e 2 mulleres</i>  |
| <i>Outro persoal docente e investigador (PDI-B): 1 home e 2 mulleres</i>    |
| <i>PAS: 1 home e 2 mulleres</i>   |
| <i>Estudantes: 2 homes e 1 muller</i>                                       |

*Táboa 52. Composición do Consello Social segundo o sexo*

|   |
|---|
| <i>Presidente: 1 home</i>   |
| <i>Vicepresidentes: 2 homes</i>                                     |
| <i>Secretario/a: 1 home</i>   |
| <i>Elixidos polo Consello de Goberno: 5 homes e 1 muller</i>        |
| <i>Representantes dos intereses sociais de Galicia:</i>             |
| <i>-Polo Parlamento de Galicia: 4 homes e 1 muller</i>              |
| <i>-Pola Xunta de Galicia: 3 homes e 3 mulleres</i>                 |
| <i>-Polas corporacións locais dos concellos dos campus: 3 homes</i> |
| <i>-Polos sindicatos: 2 homes</i>                                   |
| <i>-Polas organizacións empresariais: 3 homes e 1 muller</i>        |

*Táboa 53. Composición do Consello de Goberno segundo o sexo*

|  |
|--|
| <i>Reitor/a: 1 home</i>  |
| <i>Vicerreitores/as: 5 homes e 4 mulleres</i>                                  |
| <i>Secretario/a xeral: 1 muller</i>  |
| <i>Xerente: 1 home</i>   |
| <i>Decanos/as e directores/as: 8 homes e 7 mulleres</i>                        |
| <i>Persoal docente con vinculación permanente doutor: 6 homes e 5 mulleres</i> |
| <i>Outro persoal docente e investigador: 2 homes e 2 mulleres</i>              |
| <i>Estudantes: 5 homes e 4 mulleres</i>  |
| <i>Consello Social: 3 homes</i>  |
| <i>Persoal de administración e servizos: 3 homes</i>                           |
| <i>Sindicatos: 2 homes</i>   |

## 8. A investigación e a transferencia do coñecemento á sociedade

### 8.1 Directrices xerais e resultados

A Universidade de Vigo asume que a produción científica e a transferencia de coñecemento á sociedade é unha das facetas clave da súa responsabilidade social. O Plan estratéxico 2008-2012 recolle este compromiso nas súas metas estratéxicas: ser unha Universidade que innova e progresa nos procesos de investigación básica e aplicada e constituírse como unha institución emprendedora que crea, difunde e transfire coñecementos de I+D+i de cara ao tecido produtivo, liderando alianzas estratéxicas a través de centros ou plataformas tecnolóxicas.

#### **Persoal investigador**

O incremento e mellora da cualificación do persoal investigador é unha liña básica no desenvolvemento da política de I+D+i da Universidade de Vigo. Para a súa consecución deseñáronse diversos instrumentos co fin de facilitar a contratación e incorporación de persoal investigador, tecnólogos/as e persoal de apoio á I+D, e promover a súa formación permanente e mobilidade xeográfica, institucional e intersectorial.

Durante o ano 2011 foron lidas na institución 144 teses de doutoramento: 50 no ámbito científico, 46 no tecnolóxico, 35 no xurídico social e 13 no humanístico e foron realizados 83 contratos a novos/as doutores/as. Ese mesmo ano o número de artigos ISI publicados por membros da nosa comunidade universitaria (segundo base de datos Scopus) foi de 1.209.

#### **Grupos de investigación**

Con respecto á súa produción científica, a Universidade de Vigo sitúase nunha posición de vangarda entre as universidades de nova creación.

Durante o curso 2010-2011, un total de 243 grupos de investigación desenvolveron un labor científico avalado pola súa participación en numerosos programas nacionais e internacionais, estadías en universidades estranxeiras e visitas de investigadores/as de referencia na comunidade científica internacional.

#### *Distribución de grupos de I+D+i por grandes áreas de coñecemento*

| <i>Área de coñecemento</i> | <i>Nº</i>  |
|----------------------------|------------|
| <i>Científico</i>          | <i>61</i>  |
| <i>Tecnolóxico</i>         | <i>67</i>  |
| <i>Xurídico social</i>     | <i>67</i>  |
| <i>Humanístico</i>         | <i>48</i>  |
| <i>Total</i>               | <i>243</i> |

Durante o 2011 foron concedidos á Universidade de Vigo cinco proxectos internacionais de investigación por un importe de 3.131.926,03 €. Desta cantidade, 692.190,56 euros foron destinados ao ámbito tecnolóxico, con tres proxectos aprobados, e 2.439.735,47 euros para o científico, con dous proxectos aprobados. Tamén foron concedidos 5.736.480 euros para desenvolver 65 proxectos de investigación. É salientable que case a metade dos recursos obtidos por esta vía foron para o ámbito tecnolóxico (48%), mentres que para o humanístico foi apenas un 0,018%.

*Proxectos de investigación estatais e autonómicos (concedidos en 2011)*

|                | ÁMBITO     |           |             |         |             |           |                 |         |       |           |
|----------------|------------|-----------|-------------|---------|-------------|-----------|-----------------|---------|-------|-----------|
|                | CIENTÍFICO |           | HUMANÍSTICO |         | TECNOLÓXICO |           | XURÍDICO-SOCIAL |         | TOTAL |           |
| ADMINISTRACIÓN | Nº         | Importe   | Nº          | Importe | Nº          | Importe   | Nº              | Importe | Nº    | Importe   |
| Estado         | 17         | 1.746.000 | 3           | 104.000 | 26          | 2.298.800 | 8               | 355.680 | 54    | 4.504.480 |
| Galicia        | 4          | 448.000   |             |         | 4           | 448.000   | 3               | 336.000 | 11    | 1.232.000 |
| TOTAL:         | 21         | 2.194.000 | 3           | 104.000 | 30          | 2.746.800 | 11              | 691.680 | 65    | 5.736.480 |

**Proxectos, convenios e contratos**

Cada vez é máis común e necesario que a investigación aplicada e o desenvolvemento tecnolóxico na Universidade se realice, desde as súas primeiras etapas, en colaboración con outros axentes do sistema de innovación alleos á propia institución.

Así, as actividades de investigación pódense levar a cabo mediante fondos procedentes de proxectos e outras actuacións (de fortalecemento de grupos de investigación, complementarias etc.), con cargo a convocatorias públicas de distintos organismos ou a través de entidades doutra natureza, fundamentalmente de empresas. No ano 2011 a Universidade de Vigo ingresou 12.610.606 euros en concepto de proxectos, convenios e contratos. A táboa seguinte amosa a distribución por ámbitos de coñecemento e tipo de proxecto, contrato ou convenio.

| TIPO               | ÁMBITO     |           |             |           |                 |           |             |         |          |               |
|--------------------|------------|-----------|-------------|-----------|-----------------|-----------|-------------|---------|----------|---------------|
|                    | CIENTÍFICO |           | TECNOLÓXICO |           | XURÍDICO-SOCIAL |           | HUMANÍSTICO |         | Nº TOTAL | IMPORTE TOTAL |
|                    | Nº         | IMPORTE   | Nº          | IMPORTE   | Nº              | IMPORTE   | Nº          | IMPORTE |          |               |
| Contratos i+d      | 23         | 644.012   | 140         | 6.211.605 | 37              | 809.087   | 5           | 45.712  | 205      | 7.710.416     |
| Informes           | 125        | 249.247   | 1.299       | 1.149.418 | 41              | 287.838   | 3           | 10.200  | 1.468    | 1.696.703     |
| Cursos             | 1          | 2.080     | 15          | 43.207    | 2               | 11.200    |             |         | 18       | 56.487        |
| SUBTOTAL 1:        | 149        | 895.339   | 1.454       | 7.404.230 | 80              | 1.108.125 | 8           | 55.912  | 1.691    | 9.463.606     |
| (%)                | 8,81       | 9,46      | 86,06       | 78,24     | 4,73            | 11,7      | 0,4         | 0,6     |          |               |
| Proxectos Europeos | 1          | 2.247.000 | 1           | 300.000   |                 |           |             |         | 2        | 2.547.000     |
| Proxectos Interreg | 2          | 400.000   | 1           | 200.000   |                 |           |             |         | 3        | 600.000       |
| SUBTOTAL 2:        | 3          | 2.647.000 | 2           | 500.000   |                 |           |             |         | 5        | 3.147.000     |
| (%)                | 60         | 84        | 40          | 16        |                 |           |             |         |          |               |
| TOTAL:             | 152        | 3.542.339 | 1.456       | 7.904.230 | 80              | 1.108.125 | 8           | 55.912  | 1.696    | 12.610.606    |
| (%)                | 8,96       | 28,08     | 85,85       | 62,68     | 4,72            | 8,79      | 0,47        | 0,45    |          |               |



O financiamento das axudas á investigación en 2011 foi distribuído da seguinte maneira:

| <i>Subconcepto</i> | <i>Denominación do gasto</i>                | <i>Cantidad orzada</i> |
|--------------------|---|------------------------|
| 641,02             | <i>Axudas a equipos investigación</i>       | 780.000                |
| 481,01             | <i>Bolsas de viaxe</i>                      | 60.000                 |
| 481,02             | <i>Bolsas de estadias</i>                   | 60.000                 |
| 482,02             | <i>Bolsas de Terceiro ciclo/Posgrao</i>     | 500.000                |
| 641,03             | <i>Axudas á formación de investigadores</i> | 610.000                |
| 641,05             | <i>Reunións científicas</i>                 | 50.000                 |
| 482,08             | <i>Bolsas CACTI</i>                         | 48.000                 |
| 482,08             | <i>Bolsas ECIMAT</i>                        | 18.000                 |
|                    | <b>TOTAL</b>                                | <b>2.126.000</b>       |

A Vicerreitoría de Investigación e de Transferencia de Coñecemento ten a responsabilidade de executar a política científica, as actividades de promoción, difusión e xestión da investigación, desenvolvemento e innovación para, entre outras cousas, transferir os resultados das investigacións á sociedade.

A Universidade de Vigo desenvolve unha serie de programas e recursos que permiten orientar os seus obxectivos en materia de investigación e transferencia dos seus resultados. Estes son:

- Plan operativo I+D+i
- Formación en investigación: servizos de apoio como a Biblioteca (blog biblioteca e proxecto PREME), universidade virtual (plataforma Bubela e FaiTIC), Servizo de Publicacións e Área de Normalización Lingüística
- Programas de doutoramento con mención de calidade
- Axudas a persoal investigador e grupos de investigación
- Proxectos, convenios e contratos
- Centros de investigación propios ou vinculados (compromiso)

Consciente da importancia do coñecemento como motor da innovación, poñemos ao servizo da sociedade todo o noso potencial científico e tecnolóxico, os equipos, as infraestruturas e todos os recursos de I+D. Para canalizar eses recursos, salientamos os seguintes medios:

Vicexerencia de Internacionalización: responsabilízase dos obxectivos do eixe de xestión da investigación; apoia as funcións das Vicerreitorías de Investigación, Transferencia de Coñecemento e Relacións Internacionais; coordina así mesmo as actividades das distintas unidades de xestión e exerce e canaliza as funcións da Xerencia (económicas, de persoal, patrimoniais etc.) na área de investigación.

Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI): ten asignada a xestión das actividades de transferencia da investigación, é dicir, favorecer a conexión universidade/empresa/sociedade. As súas funcións poden estruturarse en tres grandes áreas:

Difusión, promoción e mercadotecnia da I+D+i da Universidade de Vigo.

Valorización e protección da tecnoloxía da Universidade.

Transferencia dos resultados da investigación que poden dar lugar a contratos e convenios de I+D e de natureza científica, técnica ou artística etc.

Esta estrutura de xestión permite ser moi eficiente á hora de potenciar a investigación, a transferencia de coñecemento cara a súa aplicabilidade e favorecer o desenvolvemento económico do entorno.

A través da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI), ponse a disposición dos organismos interesados unha carteira de patentes, na que se van incorporando aquelas tecnoloxías que poden ter aplicación no mercado e que están dispoñibles para ser transferidas. No ano 2010, a Universidade de Vigo quixo dar un paso máis aló no seu compromiso de converterse nunha universidade emprendedora, é dicir unha institución implicada de forma activa no desenvolvemento económico e social do territorio, coa aprobación dunha normativa de creación de empresas de base tecnolóxica (EBT) co obxectivo de favorecer a participación da Universidade e dos seus profesionais na explotación dos resultados da investigación fomentando e facilitando o emprendemento na comunidade universitaria. Os resultados achegados pola OTRI para o 2011 son os que seguen:

| <i>ANO 2011</i>                                     |                       | <i>CAMPUS</i> |           |           | <i>Total</i> |
|---|-----------------------|---------------|-----------|-----------|--------------|
|   |                       | <i>OU</i>     | <i>VI</i> | <i>PO</i> |              |
| <i>Contratos de licenza</i>                         |                       | 1             | 2         | -         | 3            |
| <i>Spin-off</i>                                     | <i>titorizadas</i>    | 1             | 2         | -         | 3            |
|   | <i>creadas</i>        | -             | 1         | -         | 1            |
| <i>Patentes solicitadas no ano 2011</i>             | <i>nacionais</i>      | -             | 10        | 1         | 11           |
|   | <i>internacionais</i> | -             | 2         | -         | 2            |
| <i>Patentes concedidas no ano 2011</i>              | <i>nacionais</i>      | 3             | 11        | -         | 14           |
|   | <i>internacionais</i> | -             | 1         | -         | 1            |
| <i>Patentes en explotación a 31/12/2011</i>         | <i>nacionais</i>      | 2             | 3         | -         | 5            |
|   | <i>internacionais</i> | -             | -         | -         | 0            |
| <i>Patentes postas en explotación en 2011</i>       | <i>nacionais</i>      | 1             | -         | -         | 1            |
|   | <i>internacionais</i> | -             | -         | -         | 0            |
| <i>Modelos de utilidade solicitados no ano 2011</i> |                       | -             | 2         | -         | 2            |
| <i>Modelos de utilidade concedidos no ano 2011</i>  |                       | -             | -         | -         | 0            |

No ano 2011 creáronse na Universidade de Vigo catro EBT (empresas de base tecnolóxica) e conseguíronse 15 novas patentes. O número total de patentes en explotación no ano 2011 eran cinco (unha delas implantada ese mesmo ano).

## 8.2 Sistema loxístico de centros de investigación propios ou vinculados

Un dos aspectos diferenciais da Universidade de Vigo é a súa capacidade para transferir o coñecemento xerado á sociedade, en liña coa denominada terceira misión da Universidade (Estratexia universidade 2015).

A lei orgánica de universidades (LOU), no seu artigo 40, establece a posibilidade de que as universidades creen libremente centros propios de investigación que poidan cumprir diversas funcións estratéxicas dentro da universidade e que establezan os vínculos necesarios coa sociedade para poder transferir o coñecemento.

A seguinte relación de centros non pretende ser exhaustiva senón remarcar na importancia outorgada á simbiose creada entre investigación e transferencia na Universidade de Vigo.

## **CACTI: Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación**

O Centro de Apoio Científico Tecnolóxico á Investigación (CACTI) da Universidade de Vigo ten como misión proporcionar apoio científico e tecnolóxico aos membros da comunidade universitaria e á sociedade galega, para o fomento dos labores de investigación e desenvolvemento (dando cumprimento ao artigo 2 dos estatutos desta Universidade, isto é tratar de alcanzar as máximas cotas de calidade na docencia e na investigación).

Unha das claves de funcionamento do CACTI é a súa apertura a empresas e organismos, que fai que se proxecte como un centro innovador de referencia. Por este motivo, no ano 2011, o CACTI facturou un total de 422.946,76 €.

Como servizo técnico de apoio á investigación, o CACTI está formado por unidades e servizos especializados de instrumentación e de achega de materiais básicos para determinadas investigacións científicas, técnicas ou humanísticas. <http://webs.uvigo.es/cactiweb>

As dotacións e equipamentos que configuran a oferta científico-tecnolóxica do CACTI están a ter, polo seu volume e cualificación, unha repercusión que transcende a nosa Universidade. Referencia que se espera incrementar nos vindeiros anos coa construción do novo edificio con maior espazo e prestacións, dentro do denominado Parque Científico-Tecnolóxico na Universidade de Vigo.

## **CITEXVI: Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A.**

CITEXVI é unha sociedade anónima de dereito privado centrada na promoción e impulso das actividades de I+D+i. Constituído en 2006, o proxecto que hoxe é referente en Galicia, foi liderado pola Universidade de Vigo co obxectivo de promover o intercambio tecnolóxico entre esta institución e a empresa. Conta coa participación do Consorcio da Zona Franca de Vigo e Novagalicia Banco, sumándose a Xunta de Galicia antes de finalizar ese mesmo ano. O capital social é achegado polos catro socios a partes iguais, recaendo a presidencia da sociedade no reitor da Universidade de Vigo. <http://www.citexvi.es/>

O seu obxectivo é atraer actores que favorezan o desenvolvemento tecnolóxico e crear un ecosistema multilateral de innovación, segundo un modelo de tripla hélice como estratexia de desenvolvemento local e da Comunidade Autónoma. Os seus sectores estratéxicos son: telecomunicacións, tecnoloxías da información, enerxías e medio ambiente, ciencias mariñas, biomedicina e tecnoloxías agroalimentarias.

Este obxectivo concrétase acoitando e desenvolvendo plataformas de investigación a través da presenza física en CITEXVI de sedes, centros e laboratorios de I+D de empresas, centros tecnolóxicos de colaboración público/privada e laboratorios de investigación ligados a proxectos empresariais. Tamén acolle *spin off* universitarias, ás que presta servizos nas fases de preincubación e incubación.

A creación de emprego cualificado por parte das entidades aloxadas, froito da promoción da cultura de innovación, redonda na mellora do nivel de vida da sociedade e na dinamización dos sectores empresariais, atrae investimentos, promove a creación de empresas, novas patentes e aumento da inversión en I+D.

O compromiso do CITEXVI co medio ambiente está sustentado na propia definición do proxecto construtivo e responde á estratexia de implantación de enerxías renovables nunha dobre actuación. O deseño do edificio respecta os criterios de máxima calidade ambiental, coa súa instalación fotovoltaica de conexión á rede. Esta vai integrada na cuberta do edificio e co seu sistema de captación de enerxía xeotérmica, permite alcanzar uns rendementos beneficiosos e un aforro do consumo eléctrico fronte a sistemas convencionais. Ambas as actuacións permiten que CITEXVI non só presente un balance enerxético cero, senón tamén que contribúa ao sistema enerxético de xeración de enerxías renovables.

Desde a súa constitución, o CITEXVI acolleu, entre outros, os seguintes proxectos:

- Centro tecnolóxico de eficiencia e sustentabilidade enerxética ENERGYLAB
- Centro tecnolóxico das telecomunicacións de Galicia GRADIANT
- Laboratorio europeo de referencia de biotoxinas mariñas

### **ECIMAT: Estación de Ciencias Mariñas de Toralla**

A Universidade de Vigo, por compromiso estatutario, ten, entre outros fins, acadar as máximas cotas de calidade investigadora, dedicando especial atención ao estudo da cultura e do medio natural de Galicia mediante programas específicos de investigación, que respondan aos seus problemas concretos, promovendo a investigación como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade. Esta Universidade, implantada nun territorio europeo de alta dependencia do mar (a pesca e as actividades derivadas xeran ao redor do 10% do PIB de Galicia), alberga unha das escasas titulacións de Ciencias do Mar existentes na península. A Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT), inaugurada o 19 de xuño de 2006 e localizada na Illa de Toralla (Coruxo, Concello de Vigo), xorde como resposta á vocación mariña desta Universidade, con obxecto de dotala de infraestruturas de investigación de excelencia en temas mariños.

A Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT), organicamente dependente da Vicerreitoría de Investigación da Universidade de Vigo, ten como obxectivo específico proporcionar as infraestruturas necesarias ao pé do mar, para manter e mellorar o nivel científico acadado, prestar servizos nos ámbitos da acuicultura ao medio mariño e a execución de ensaios de laboratorio, e proporcionar valor engadido e vantaxes competitivas para a captación de recursos externos. A xestión centralizada da ECIMAT permite a racionalización na explotación dos seus recursos e a óptima oferta de servizos a esta e outras universidades e centros de investigación públicos ou privados. En consecuencia, a dirección da ECIMAT, consciente da importancia de prestar un servizo de calidade, vén de lanzar o deseño e a implantación dun Sistema de Xestión da Calidade conforme aos requisitos da norma UNE – EN ISO 9001.

Con frecuencia, as universidades adoecen da falta de inserción no tecido social que as rodea. O traballo de investigación non sempre redonda en beneficio da comunidade que o sustenta. Centros como a ECIMAT, que promoven a investigación aplicada en temas de grande interese económico e social para Galicia como a pesca, o marisqueo e a acuicultura, poden servir de nexo entre o mundo académico, cos seus avances teóricos, e os sectores sociais que poden beneficiarse da aplicación práctica deses avances.

### **CITI: Centro de Investigación, Transferencia e Innovación de Ourense**

O CITI nace coa vocación de ser o referente da transferencia de coñecemento ao mundo empresarial desde o Campus de Ourense.

O CITI está composto basicamente por equipamento científico (laboratorios) e unha oficina de I+D+i que ten por obxectivos:

- Identificación das necesidades de información do persoal investigador así como as súas capacidades e intereses en futuros proxectos de I+D/convocatorias.

- Incrementar a capacidade dos grupos de investigación do Campus de Ourense e do CITI, para captar recursos para proxectos de I+D+i tanto de orixe público a través de convocatorias competitivas, como de orixe privado a través de contratos con empresas e outras institucións.

Prestar apoio e asesoramento na xestión administrativa de xestión de proxectos de I+D+i.

### 8.3 Campus do Mar: a colaboración como estratexia de futuro

O 21 de outubro de 2010 o proxecto Campus do Mar, liderado pola Universidade de Vigo, foi seleccionado como Campus de Excelencia Internacional (CEI) e o 17 de decembro desde ano, firmouse o convenio entre o Ministerio de Educación e a Xunta de Galicia para facelo posible.

Trátase dun proxecto que pretende xerar un agregado estratéxico, especializado no mar desde un punto de vista multidisciplinario, plenamente integrado polas institucións que o compoñen e cun forte impacto no tecido socioeconómico da eurorrexión, que impulse o desenvolvemento sostible no territorio.

Dous aspectos clave do Campus do Mar son:

- a) Ter o mar como eixo principal do proxecto
- b) O carácter transfronteirizo do proxecto ao adherirse á eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Por este motivo o Campus do Mar integra os axentes socioeconómicos e investigadores de Galicia e Norte de Portugal relacionados co ámbito mariño, buscando así aglutinar o maior potencial posible e optimizar os recursos dispoñibles.

O Campus do Mar está financiado polo Ministerio de Educación e a Xunta de Galicia no marco do programa Campus de Excelencia Internacional, cunha contía de 5.300.00 €. Son promotores do mesmo as universidades de Vigo, Santiago de Compostela, A Coruña, Porto, Minho, Tras os Montes e Alto Douro e Aveiro. Tamén o Instituto Español de Oceanografía (CSIC) e o Instituto de Investigacións Mariñas.

O obxectivo xenérico do programa Campus de Excelencia Internacional (e por extensión o do Campus do Mar) integrado dentro da Estratexia Universidade 2015 ten como finalidade a interacción das universidades cos centros de investigación, parques científicos, centros tecnolóxicos, contorno produtivo e outros axentes para o desenvolvemento de ecosistemas de educación, investigación e innovación que contribúan ao desenvolvemento do contorno local o rexional.

#### **Compromiso do Campus do Mar cos seus grupos de interese**

No 2011 as principais actividades levadas a cabo polo Campus do Mar foron de organización e estruturación para poñelo en marcha de cara a acadar os seus obxectivos programáticos.

Coa intención de formalizar esa estrutura aprobáronse dous proxectos:

- 1) Unha asistencia técnica para a definición da folla de ruta que conduza á posta en marcha no horizonte de 2012-2013 do futuro consorcio público-privado do Campus do Mar, entidade con personalidade xurídica propia que gobernará e xestionará o proxecto.
- 2) Realización dun curso de formación no ámbito de xestores e persoal de apoio á dirección e goberno dos campus de excelencia internacional.

En setembro de 2011 convocáronse sete bolsas de colaboración para o Campus Dixital do Mar e púxose en marcha o ciclo de conferencias Campus do Mar, no que expertos e expertas de nivel internacional nos distintos ámbitos das ciencias e tecnoloxías mariñas son convidados/as a expoñer as súas investigacións. Durante ese ano organizáronse 14 conferencias.

Co fin de promover a conectividade entre os socios do Campus do Mar aprobáronse tres proxectos:

- 1) Evolución do Campus do Mar WebTV cara á súa versión 2.0.
- 2) Desenvolvemento dunha plataforma de demandas e ofertas de emprego de todas as entidades socias do Campus do Mar.
- 3) Aprobación para a posta en marcha da acción Igualdade de oportunidades dentro do Campus Dixital para as persoas con discapacidade

Un dos obxectivos programáticos do Campus do Mar é a súa proxección exterior. No ano 2011 deseñouse a folia de ruta 2011-2012 para a internacionalización do proxecto, orientada á mellora docente e á adaptación ao EEES.

Tamén se aprobou un Programa de clústeres de I+D e novas liñas emerxentes e o Programa de captación de talento.

Un dos obxectivos específicos do Campus do Mar é a mellora científica e a transferencia do coñecemento. En 2011 ponse en marcha un programa de transferencia co fin de deseñar de forma consensuada os diferentes programas de transferencia definida na memoria de conversión a CEI do Campus do Mar. Para proxectar socialmente o labor e obxectivos do Campus do Mar, deséñase un Programa de cultura científica e tecnolóxica no que se forma tamén os/as investigadores/as en técnicas de comunicación.

Dentro da busca de alianzas e redes para o desenvolvemento deste CEI, ponse en marcha a Escola Internacional de Posgrao do Campus do Mar para a que no ano 2011 se constitúe a Comisión Executiva e a Comisión Académica do Programa de doutoramento Campus do Mar. Tamén se convocan as bolsas de mestrado do Campus do Mar.

## Resultados das investigacións

Os membros da agregación estratéxica Campus do Mar ocupan un lugar destacado a nivel nacional no ámbito da investigación mariña. Se comparamos indicadores da agrupación de I+D con datos globais das universidades españolas, destaca o lugar que ocupa respecto ao número de teses doutorais lidas nos derradeiros cinco anos. As teses presentadas nas sete áreas de especialización do Campus do Mar suman un total de 582, cun termo medio de 15,7 teses por cada 100 doutores permanentes. O termo medio das universidades españolas é, segundo os últimos datos dispoñibles, de 11,4 teses por cada 100 doutores, situándose o valor total da agrupación por riba da media española, destacando os ámbitos de ciencias mariñas e de saúde e mar con valores de 20,8 e 18,6 respectivamente.

No que toca ao número de publicacións JCR (*Journal Citation Report*), nos sete ámbitos de especialización do Campus do Mar, téñense publicado un total de 6.396 artigos JCR nos derradeiros 5 anos. Os fondos conseguidos nas convocatorias públicas de concorrencia competitiva e en contratos de I+D nos últimos 5 anos, superan 274 millóns de euros, situando a agrupación de I+D de Campus do Mar nun lugar destacado a nivel estatal.

Ademais dos valores de produción científica e de captación de fondos, é importante destacar a base da que parte a agrupación de I+D no que a internacionalización da súa produción científica se refire, onde os membros da agregación estratéxica do Campus do Mar colaboran asiduamente con centros de referencia no ámbito mariño a nivel mundial.

---

## 9. A Universidade de Vigo e a creación de valor para a sociedade

Ademais das interrelacións entre universidade e sociedade descritas en apartados anteriores, a Vicerreitoría de Extensión Universitaria ten como obxectivos básicos promover, canalizar, apoiar e fomentar a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias. Estas son de carácter cultural, solidario, deportivo e académico, fomentando o ocio como dinamizador e transformador da realidade universitaria.

As seguintes actividades son competencia da Vicerreitoría de Extensión, agás a Área de Normalización Lingüística:

### 9.1 A Universidade coa promoción e a difusión cultural

A creación, desenvolvemento e transmisión da cultura é unha das funcións elementais das universidades ao servizo da sociedade. Entendemos a promoción da cultura entre o noso alumnado como un paso previo necesario e un elemento vertebrador da súa formación.

O Servizo de Extensión Universitaria ocúpase da elaboración dunha ampla programación cultural estruturada por cuatrimestres, que engloba actuacións teatrais, concertos e espectáculos de rúa. Ao mesmo tempo, prepara diferentes ciclos como Universium ou a Semana de Cine Submarino, cursos e obradoiros, nos que se abordan materias de interese formativo para o estudiantado.

Ademais, convócanse premios e certames para a promoción da cultura e das habilidades artísticas da comunidade universitaria, entre os que destacan os premios de creación en disciplinas como o audiovisual, a fotografía, a pintura e as maquetas musicais.

Cómpre salientar igualmente a formación do Coro Universitario fundado no ano 1990 para satisfacer, entre outras, unha necesidade evidente de contribuír a potenciar a formación musical dos estudantes, en especial dos futuros mestres de educación musical. Tamén para realizar un labor de difusión cultural alén do marco da propia Universidade e dar carácter solemne aos seus actos académicos.

### A Universidade de Vigo e a promoción da lingua galega

No artigo 4 dos Estatutos da Universidade de Vigo, a lingua galega é considerada como a lingua propia desta Universidade e, daquela, é a lingua de uso normal nas súas actividades. O mesmo artigo indica que a institución promoverá, de acordo coas súas competencias, liñas de actuación que contribúan ao uso pleno do galego en todas as súas actividades docentes, investigadoras, administrativas e de servizos.

Por tal motivo, a Universidade de Vigo considera como parte esencial da súa responsabilidade social a proxección cultural do noso patrimonio inmaterial, entre eles a lingua propia de Galicia.

A área que desenvolve estes labores é a Área de Normalización Lingüística (ANL). Este departamento encárgase de velar polo uso do galego na Universidade como un elemento do patrimonio cultural da sociedade e como ferramenta de comunicación. Neste sentido, a Área de Normalización Lingüística pon ao servizo da comunidade universitaria un servizo de asesoramento no uso e na tradución da lingua galega para calquera acción vinculada á formación e á investigación da Universidade, se ben as súas accións baséanse na transversalidade no conxunto da vida universitaria.

De cara á sociedade, a Universidade de Vigo pon ao seu dispor, a través de internet, un magnífico tradutor galego-castelán e castelán-galego que traduce textos longos e indica as palabras que non reconece (<http://sli.uvigo.es/tradutor/>).

---

## *Balance do labor desenvolvido*

De xeito xenérico, durante o ano 2011 realizáronse tres tipos de actividades troncais:

1. Matriculáronse nos cursos de formación 380 persoas.
2. Fixéronse cambios na organización para adaptalos ás suxestións recollidas nas enquisas de anos anteriores.
3. Actualizáronse o material e a programación.

De xeito desagregado, as actividades realizadas nesta área en 2011 comprenden as seguintes accións:

— Dous cursos intensivos de lingua e cultura galegas para estudantes Erasmus das tres universidades galegas, que son un exemplo de colaboración entre estas institucións.

— VI Escola Permanente Fermín Penzol celebrada en Cacabelos e Ponferrada. Este ano estivo dedicada a conmemorar o sesquicenario do poeta Fernández Morales. Especialistas vidos de Galicia e de Castela e León trataron aspectos importantes da obra e da lingua do poeta berciano e da situación do galego nas áreas limítrofes de Galicia.

— Edición do libro do profesor Gonzalo Navaza O nome dos lugares: Saiáns, conxuntamente co Instituto de Estudos Miñoranos e a Comunidade de Montes de Saiáns; e o segundo volume da colección Toponimia do Val do Frago: Lavadores, froito do convenio de colaboración entre a Universidade e o Concello de Vigo.

— Organización, conxuntamente co concello de Ourense, das Xornadas de Toponimia, que reproducían o esquema e obxectivos das realizadas en Vigo en decembro de 2010.

— Para celebrar o Día da Ciencia en Galego desenvolvéronse coa asociación Trabalingua diversos cafés-teatro científicos nas cidades sede dos campus da Universidade.

A carga económica das actividades da Área de Normalización Lingüística vén sendo soportada en maior medida cos orzamentos da Universidade. Fronte a unha redución do 15% do orzamento propio para actividades de carácter xeral, e o mantemento da partida de bolsas de formación, a achega da Secretaría Xeral de Política Lingüística descendeu un 30%, co que, sumado ao 30% do ano anterior, sitúa a caída nun 60% nos dous últimos anos.

### *9.2 Promoción do deporte*

Entendemos o deporte na universidade como parte do desenvolvemento persoal do individuo e como elemento da formación integral do estudiantado. En consecuencia, nos tres campus existen infraestruturas exclusivamente destinadas ao tempo de lecer.

As ligas e campionatos universitarios, os torneos intercentros e intercampus, xunto cos campionatos de España, representan o cerne das competicións dos diferentes deportes que se desenvolven nas instalacións dos tres campus, constituídos por pavillóns polideportivos, pistas de tenis exteriores, campos de fútbol de herba artificial, pistas de atletismo e de footing e ximnasios, entre outros.

As cuestións máis sobresaíntes do executado por este servizo, e de acceso público, están presentes na Memoria de 2011 do Servizo de Deportes da Universidade de Vigo, da que extraemos as seguintes conclusións:



No relativo ás Rutas Culturais organizáronse un total de 11 roteiros a pé entre os meses de outubro e maio e neles rexistráronse 908 participacións (361 de homes e 547 de mulleres).

O programa de ocio e tempo libre Delecer, que conxunta diversión, natureza e deporte, incluíu na súa undécima edición seis actividades: rutas en bicicleta, parapente, salto de pontes, paracaidismo, voo sen motor e multiaventura. Delecer contou cun total de 115 participantes (68 homes e 47 mulleres).

As Escolas Deportivas ofreceron ducias de modalidades diferentes para os membros da comunidade universitaria dos tres campus e contaron con 1.861 inscricións (678 de homes e 1.183 de mulleres).

O programa de actividades no medio acuático Augaventura tivo lugar entre os meses de marzo e xuño e incluíu cinco propostas: bautismos e cursos de mergullo, rafting, surf e rutas en canoa. Participaron 125 persoas (64 homes e 61 mulleres).

Verbo das competicións interuniversitarias, 61 deportistas da nosa universidade (34 mulleres e 27 homes) competiron nos Campionatos de España Universitarios e acadaron un total de 18 medallas individuais. Por equipos, a Universidade de Vigo proclamouse campioa de España en taekwondo e na categoría feminina de campo a través.

En canto ao deporte federado, salienta o ascenso do Universidade de Vigo Rugby Club á división de honra, máxima categoría do rugby en España. No Campus de Ourense, o equipo sénior masculino de baloncesto acadou un brillante e meritorio ascenso á liga nacional FGB.

Destacamos tamén o funcionamento da Área de Deporte e Saúde e das salas de cardio-fitness: as unidades de actividade física personalizada desenvolveron ao longo do curso 288 programas personalizados de exercicio físico (155 para homes e 133 para mulleres). A asistencia ás salas de cardio-fitness chegou a unha cifra récord de 35.042 usos entre os tres campus.

Ademais das novidades introducidas este ano e os resultados máis sobranceiros, débense salientar dúas actuacións:

— Proxecto centro deportivo aberto. Esta iniciativa, incluída no programa de Escolas Deportivas, supuxo todo un cambio ao permitirles aos membros da comunidade universitaria acceder a diversas actividades nun mesmo centro deportivo, para escoller entre unha ampla variedade. 540 persoas optaron por esta nova fórmula.

— Xornadas de Deporte e Saúde. Celebráronse no Campus de Ourense os 22 e 23 de outubro de 2010. Foron organizadas pola Vicerreitoría do Campus de Ourense en colaboración coa Fundación Caixa Galicia. Estas xornadas, de inscrición gratuíta, foron unha iniciativa pioneira no campo conxunto da saúde e a práctica deportiva. Participaron como conferenciantes sete profesionais de recoñecido prestixio.

O Servizo de Deportes fortaleceu as súas relacións con outras organizacións europeas de ensino superior, ademais da súa proxección internacional a través da participación na 13ª Conferencia Anual da ENAS (European Network of Academic Services). Esta conferencia celebrouse en Barcelona do 3 ao 7 de novembro e este ano tivo como tópico principal os *Healthy Campuses and the Contribution of University Sport*.

A Universidade de Vigo continúa participando na iniciativa da Rede española de universidades saudables (REUS). Esta rede integra múltiples organismos e institucións que teñen como obxectivo a promoción da saúde no contexto universitario (<http://deportes.uvigo.es/>).

### 9.3 O Voluntariado na Universidade de Vigo

Foméntase a participación do alumnado en proxectos de voluntariado propios, ou en colaboración con diferentes institucións, a través da Área de Voluntariado e Integración do SIOPE (Sección de Integración, Orientación e Promoción do Estudante), dependente de Extensión Universitaria.

Os obxectivos prioritarios do SIOPE son:

- Ofrecerlles a todo o alumnado e persoas con titulación universitaria, así como a futuros/as universitarios/as unha información clara e completa sobre todo o relativo á vida universitaria.
- Atender o alumnado que o requira nas áreas de orientación educativa, académica e psicopedagóxica.
- Promover o voluntariado e a integración na comunidade universitaria.

As principais áreas de actuación do voluntariado na Universidade son: apoio a estudantes con necesidades especiais, apoio a estudantes de nova incorporación, infancia e xuventude, terceira idade, drogodependencia, discapacitados físicos e psíquicos, colectivos desfavorecidos, igualdade, atención sanitaria, cultura e patrimonio, deportes, medio natural, intercambio lingüístico, cooperación internacional etc. Para estes labores a Universidade de Vigo contou en 2011 con 60 voluntarios/as implicados/as nesta tarefa.

O SIOPE está estruturado en tres áreas diferenciadas: Área de Información, Área de Voluntariado e Integración e Gabinete Psicopedagóxico. Por último, tamén ten asignadas as tarefas de LERD (Lugar de entrega e recollida de documentación) en tarefas relacionadas coa CIUG (matrícula de selectividade, matrícula de probas de maiores de 25 e de 45 anos, preinscrición e por suposto dar información de todos estes procesos). Desde esta sección organízase a asistencia da Universidade ás mostras de ensino.

Por outra banda, son numerosas as asociacións de estudantes de diferente natureza (deportivas, culturais, sociais etc.) que desenvolven a súa actividade na Universidade. Nela poden dispoñer de servizos e instalacións que esta habilita para tal fin, posibilitando que poidan realizar as súas xuntanzas ou programar as súas actividades.

[http://extension.uvigo.es/extension\\_gl/voluntariado/proxectos/](http://extension.uvigo.es/extension_gl/voluntariado/proxectos/)

Asemade, esta institución colaborou en 2011 con dez asociacións que traballan con distintos colectivos desfavorecidos: infancia, drogodependencia, inmigrantes, atención a diversas enfermidades, exclusión social etc.

### 9.4 Atención a persoas con necesidades especiais

A Universidade de Vigo, no artigo 100 dos seus estatutos, referido aos dereitos e deberes do alumnado, expresa que teñen dereito a recibir a garantía de máxima protección no dereito á educación aqueles estudantes con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.

Na procura da integración total das persoas con discapacidade, tanto no ámbito académico coma no laboral, a Universidade de Vigo dispón de varios programas:

- O Programa de inserción de discapacitados, promovido pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria, a través do SIOPE, para favorecer a integración plena do alumnado na vida universitaria.

Este servizo de atención a estudantes con discapacidade está en proceso de incorporarse a un sistema de xestión da calidade.

PIUNE, Programa de apoio á integración de universitarios con necesidades especiais.

A Universidade de Vigo obtén axudas para mellorar a accesibilidade de persoas con discapacidade por parte da ONCE. No ano 2011 concedeuse unha axuda de carácter asistencial e dúas axudas de integración, facendo un desembolso por este concepto a Universidade de Vigo por importe de 6.500 euros.

| <i>Distribución de estudantes con discapacidade</i>                           | <i>Número</i> |
|---|---------------|
| <i>Estudantes de grao, primeiro e segundo ciclo con algunha discapacidade</i> | <i>122</i>    |
| <i>Estudantes de posgrao con algunha discapacidade</i>                        | <i>19</i>     |
| <i>Estudantes de doutorado con algunha discapacidade</i>                      | <i>5</i>      |

### *9.5 Outras actividades de extensión universitaria e acción social*

#### **9.5.1. A promoción do asociacionismo entre os membros da comunidade universitaria**

A Vicerreitoría de Extensión informa sobre os procedementos para a creación de asociacións e contribúe, parcialmente, ao financiamento das súas actividades. Das que se realizaron baixo esta modalidade de participación destacamos os ciclos de conferencias, certames e concursos, música e audiovisual, así como outros eventos ligados á programación de facultade e escolas.

No 2011 realizáronse diversas actividades de carácter solidario en colaboración coas seguintes ONG: Fundai, Solidarios para o Desenvolvemento, Enxeñeiros sen Fronteiras, Asociación Solidaria de Estudantes, Cáritas, Manos Unidas etc.

#### **9.5.2. Cursos e obradoiros**

Preténdese facer partícipe á sociedade de novos elementos culturais e científicos procedentes da investigación realizada na Universidade ou noutros centros de creación cultural e produción de coñecementos.

Esta fórmula permite ademais a organización de actividades de formación, que poden levarse a cabo en coordinación con outras institucións académicas e/ou sociais, que permitan a suma de esforzos na planificación cultural e formativa da cidadanía, potenciando especialmente a creación artística e o estudo do seu proceso creador.

Durante o ano 2011 desenvolvéronse baixo este formato nove actividades, tales como Xestión de explotacións acuícolas, Enfrontarse a urxencias cardiovasculares IV edición, Termalismo no espazo transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal etc.

#### **9.5.3. Aulas de Formación Aberta e Programa para Maiores**

A través das Aulas de Formación Aberta, a Universidade de Vigo amplía a súa misión educativa e ofrécelle á sociedade por outra canle aquilo do que dispón: coñecemento, capacidade de formación, medios, instalacións e recursos humanos.

Con esta iniciativa quérese contribuír ao enriquecemento humano e cultural que se desprende tanto do traballo universitario cotián como das actividades complementarias que se organizan nas diferentes áreas. As Aulas de Formación Aberta organizan programas de formación específicos dirixidos a colectivos concretos (persoas maiores, inmigrantes etc.)

O Programa para Maiores é unha desas actividades organizadas desde as Aulas de Formación Aberta co gallo de fomentar a participación das persoas maiores de 55 anos na sociedade actual, apoiadas no proceso de adaptación aos cambios actuais e promover as relacións interxeracionais. Para este fin, a Universidade de Vigo oferta un programa para maiores que representa un proxecto de desenvolvemento científico-cultural dirixido especificamente a este sector da poboación.

Coa súa posta en marcha nos tres campus, a Universidade pretende facilitarles ás persoas adultas o seu desenvolvemento persoal e social, ofertando unha serie de estudos a aqueles que, por varias razóns, non puideron acceder á Universidade no seu momento ou que, sendo xa titulados, se atopan nunha idade inhabitual para as tarefas académicas.

No 2011 o Programa para Maiores ofreceu os seguintes ciclos e programas:

— Ciclo de especialización: 36 créditos e dous anos académicos (360 horas). Unha vez superado o ciclo, obtense o título propio da Universidade de Vigo de Graduado Superior Sénior.

— Ciclo intensivo: 54 créditos e tres anos académicos (540 horas). Unha vez superado o ciclo obtense o título propio da Universidade de Vigo de Graduado Universitario Sénior.

#### **9.5.4. Actividades divulgativas e de orientación universitaria**

Cara á captación de estudantes, impartíronse charlas de orientación nos IES que o solicitaron. Este ano asistimos a varias charlas repartidas por todo o país, sendo a meirande parte no sur de Galicia, sumando un total aproximado de 60 centros.

#### **9.5.5. Parque do Coñecemento**

A Universidade de Vigo quere abrir o seu propio espazo e contorno á sociedade. Neste sentido, e sendo os campus de Ourense, Pontevedra e Vigo cidade espazos urbanos, foise facilitando a integración nos seus respectivos espazos urbanos. A retirada do muro no Campus de Ourense ou as obras de xardiñaría realizadas conxuntamente co Concello desta cidade son exemplo disto. Posúe tamén este campus un xardín botánico con especies pouco comúns dentro de Galicia, que está aberto á cidade e que é visitado por escolares a través de visitas guiadas.

No caso do Campus de Vigo, as súas características, e en particular a súa inserción na natureza, permiten asumir o obxectivo de que se converta nun gran parque periurbano de Vigo. O paisaxismo, con impresionantes vistas sobre as Rías Baixas, sobre a bacía do Miño, sobre o val do río Zamáns ou Miñor e a Serra do Galiñeiro, ou sobre a Ría de Vigo, ou a riqueza botánica e faunística, con máis de cincocentas especies animais e vexetais, ofrecen posibilidades para a práctica deportiva de diversas especialidades ou lecer entre as masas forestais autóctonas repoboadas no último decenio.

Pero, ademais, no Campus de Vigo pódese gozar dunha gran riqueza arquitectónica (a mellor arquitectura moderna en edificios emblemáticos de autores como Pernas, Noguerol, Miralles, Portela ou Penelas), riqueza arqueolóxica (cos depósitos megalíticos do Monte das Pedreiras, catro mámoas, ou o poboado do Bronce final do Monte das Cabanas), riqueza histórica (coa Fonte Seca, onde tivo lugar unha cruenta batalla entre as tropas napoleónicas e as partidas guerrilleiras do Fragoso o 28 de xaneiro de 1809) e riqueza artística (con esculturas ao aire libre de escultores como Silverio Rivas, Paco Leiro, Buciños etc.) .

